



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 592
20 de xaneiro de 2020



CSV: BOPGDSPGIfKvIT4UQE3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.4. Acordos, resolucións ou propostas de comisións especiais ou de investigación

COMISIÓN NON PERMANENTE DE ESTUDO PARA A IGUALDADE E PARA OS DEREITOS DAS MULLERES

■ Aprobación do ditame emitido pola Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres [195634](#)

Formulación de votos particulares en relación co Ditame emitido pola Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres

- G. P. Mixto (doc. núm. 60595) [195690](#)
- G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 60591) [195694](#)
- G. P. do Grupo Común da Esquerda (doc. núm. 60616) [195725](#)
- G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 60629) [195731](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Aprobación sen modificacións

■ 59252 (10/PNC-004727)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e oito deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da súa colaboración económica para garantirles a gratuidade da educación infantil no tramo de idade de 0 a 3 anos a todas as familias galegas

[195686](#)

Rexeitamento da iniciativa

■ 15655 (10/PNC-001349)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de atención ás persoas en listas de espera para unha avaliación, así como para a materialización das axudas recoñecidas ao abeiro da Lei de dependencia

[195686](#)

■ 53690 (10/PNC-004278)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio



Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir que o Centro de atención a persoas con diversidade funcional de Ourense sexa público, de xestión pública e que funcione no 2020, así como solucionar a falla de prazas mentres o centro non estea aberto [195686](#)

I 57649 (10/PNC-004589)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención e tratamento da obesidade e dos trastornos da alimentación [195687](#)

I 59145 (10/PNC-004709)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos riscos que supón para a saúde humana a presenza de amianto nas edificacións e infraestruturas [195687](#)

I 59335 (10/PNC-004734)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de suspender as gardas de pediatría e o servizo de paritorio no Hospital Comarcal de Verín [195687](#)

I 60087 (10/PNC-004803)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa asistencia sanitaria en atención primaria que se está a prestar no concello da Guarda e a solicitude de xuntanza co conselleiro de Sanidade formulada polos representantes municipais dos concellos do Baixo Miño afectados [195687](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

I Corrección de erros das preguntas con resposta oral en pleno convertidas en preguntas con resposta escrita por finalización do período de sesións [195688](#)

I Corrección de erros relativa ao resumo da pregunta con resposta oral en comisión doc. núm. 61145 (10/POC-009693) publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 590 (fasc. 2), do día 15 de xaneiro de 2020 [195689](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.4. Acordos, resolucións ou propostas de comisións especiais ou de investigación

COMISIÓN NON PERMANENTE DE ESTUDO PARA A IGUALDADE E PARA OS DEREITOS DAS MULLERES

Aprobación do ditame da Comisión

Ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Ditame emitido pola Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

DITAME

Avaliación da aplicación nos distintos ámbitos das competencias da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e da Lei 11/2007, do 27 de xullo, de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

Análise da aplicación de políticas públicas a nivel local, autonómico e estatal en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

ÍNDICE

1. Antecedentes

2. Marco legal

- 2.1. Introducción
- 2.2. Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
- 2.3. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero
- 2.4. Consideración da normativa internacional con respecto á violencia de xénero

3. Comparecentes e informes. Recomendacións

Eixe 3.1. Sensibilización, prevención e educación

- 3.1.1. Sensibilización e prevención
- 3.1.2. Educación



- 3.1.3. Investigación e seguimento estatístico
- 3.1.4. Medios de comunicación
- 3.1.5. Novas tecnoloxías
- 3.1.6. Deporte

Eixe 3.2. Mellora da resposta institucional

- 3.2.1. Formación non regrada
- 3.2.2. Conciliación e corresponsabilidade
- 3.2.3. Sanidade
- 3.2.4. Ámbito laboral e emprego
- 3.2.5. Coordinación e traballo en rede

Eixe 3.3. Perfeccionamento da asistencia, axuda e protección

- 3.3.1. Sectores vulnerables
- 3.3.2. Medidas no ámbito sanitario e psicolóxico
- 3.3.3. Medidas no ámbito xudicial
- 3.3.4. Outras medidas de apoio, protección e seguridade
- 3.3.5. Medidas no ámbito da formación e o emprego
- 3.3.6. Medidas de carácter económico
- 3.3.7. Organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada fronte á violencia de xénero

Eixe 3.4. Muller rural e mar

Eixe 3.5. Feminicidio

4. Conclusións e medidas propostas

- 4.1. Economía e emprego
- 4.2. Medio rural e mar
- 4.3. Sanidade
- 4.4. Área social
- 4.5. Infraestruturas
- 4.6. Educación e sensibilización
- 4.7. Administración
- 4.8. Feminicidio

1. Antecedentes

Foi na IX lexislatura, máis concretamente o día 30 de outubro do 2013, cando os grupos parlamentarios do Partido Popular de Galicia, dos Socialistas de Galicia, da Alternativa Galega de Esquerdas e do Bloque Nacionalista Galego solicitaron na Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres facer un proxecto de ditame de avaliación da aplicación nos distintos ámbitos competenciais da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e da Lei 11/2007, do 27 de xullo, de prevención e tratamento integral da violencia de xénero. O 19 de novembro quedou constituída a mesma por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, mais



o 5 de decembro dese mesmo ano creouse formalmente. Así, o traballo comezou no ano 2014, co obxecto de ser finalizado nesta X lexislatura.

Debido ao gran número de comparecencias e informes de todos os ámbitos, o traballo da Comisión avanzou ata o ecuador da X lexislatura, momento en que os grupos políticos mudaron con respecto á lexislatura anterior, sendo nesta nova etapa os representantes do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea. Interviñeron 21 persoas expertas en todas as áreas requiridas e 16 informes foron recibidos para ampliar o coñecemento de ambas as dúas leis. Iso, unido ao da IX lexislatura, dá un total de 83 comparecencias e 28 informes.

Na IX lexislatura participaron:

- O vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela.
- O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá Rodríguez.
- A directora xeral de Familia e Inclusión, María Amparo González Méndez.
- A xerente do Sergas, María Nieves Domínguez González.
- O director xeral de Educación e Formación Profesional e Innovación Educativa, Manuel Corredoira López.
- O director xeral de Planificación e Orzamentos, Miguel Corgos López-Prado.
- O subdirector xeral de Réxime Xurídico e Xestión de Medios Audiovisuais da Secretaría Xeral de Medios, Enrique González Murga.
- O director xeral de Emerxencias e Interior, Santiago Villanueva Álvarez.
- O director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez.
- O director xeral da CRTVG, Alfonso Sánchez Izquierdo.
- A directora do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga), Beatriz Otero Abadín.
- Unha representante do Consello da Avogacía Galega, Patricia López Arnosó.
- Unha representante do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Rosa Álvarez Prada.
- O presidente do Colexio Galego de Enfermaría, Sergio Quinteiros Domínguez.
- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. Directora da Casa de Acollida de Ferrol, María Jesús Olivares Rodríguez.
- Unha traballadora social do CIM de Arteixo, María Karina Pérez Graña.
- Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia. Vicedecana do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, Rosa Aneiros Díaz.
- O presidente do Consello Galego de Colexios Médicos de Galicia, Rosendo Bugarín González.
- Representantes dos Centros de Información ás Mulleres (CIM): directora do CIM de Ourense, Elena Jesús Rodríguez; directora do CIM de Pontevedra, Rosa María Campo Briones; asesora xurídica do CIM de Vigo, Ana Kowalski Bianchi, e directora do CIM da Coruña, Mercedes Begoña Rico Rodríguez.
- Representantes das casas de acollida: directora da Casa de Acollida da Coruña, Gloria Sánchez Pérez; representante da Casa de Acollida de Culleredo, M^a Luisa



Rodríguez Don; psicóloga da Casa de Acollida de Ourense, Lidia Álvarez González, e directora da Casa de Acollida de Lugo, M^a Jesús González-Vara Pin.

— Representantes da Asociación Ve-la Luz: directora, Gloria Vázquez Portas; nai afectada, Margarita Dopico Cancela; profesional de RR.HH., Azucena García Caamaño, e vogal, M^a Elvira López San Martín.

— Representantes da Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo: Rosa Fontaía Pazos, presidenta, e Raquel Doval Carregal, traballadora social.

— Representantes da Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO): presidenta, María Isabel Garrido Blanco, e presidenta e técnica social da entidade, Reyes González Gómez.

— Representantes da Federación Galega de Mulleres Rurais (FEGAMUR): presidenta e representante de Pontevedra, María Diéguez Diéguez; coordinadora provincial de Lugo, Carmen Lázare, e coordinadora provincial da Coruña, Lourdes Gómez.

— Director da ONG Ecos do Sur, Carlos Villar Arévalo.

— Dous representantes das Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor de Ferrol, María Teresa Burguete Zapata e Roberto Ferreiro Eimil.

— A directora de Cáritas Diocesana de Ourense, María Carmen Alonso González.

— A educadora en Vagalume de Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, Lourdes Pazos García.

— A asesora xurídica en Vagalume de Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, Beatriz García Méndez.

— Unha representante da asociación FARAXA, Ana García Costas.

— Un representante da asociación ACCEM, Daniel Bóveda Castro.

— Dous representantes de FIADEIRAS-Grupo de Traballo en Igualdade do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG), Natalia Domínguez Galán e Tania Merelas Iglesias.

— Unha representante da Fundación de Solidariedade Amaranta (sede Ourense), Lidia Álvarez González.

— Unha representante da Asociación Enriqueta Otero, Aurora Antúnez Riazor.

— Representantes de Médicos del Mundo-Galicia: unha coordinadora e unha pediatra, Iria Gippini Estévez e Inés del Río Pastoriza.

— Unha representante de CERMI Galicia, Juana María Tubío Ordóñez.

— Unha representante da Asociación ALIAD ULTREIA, Ana Barba Núñez.

— Representantes da Asociación APAIOGA: a presidenta e un técnico en igualdade, Mercedes Renda Melón e Celso Taboada Lorenzo.

— Unha representante da Asociación Clara Campoamor: presidenta, Blanca Estrella Ruíz.

— Representantes de Cáritas Diocesana de Lugo: responsable da área da muller e a secretaria xeral, Cristina García Gallego e Mónica Yáñez Devesa.

— Unha representante da Asociación para a prevención, reinserción e atención á muller prostituída. Presidenta APRAM, Rocío Nieto Rubio.



- A directora do Centro de Emerxencias para Mulleres Vítimas da Violencia de Xénero – CEMVI, María Elena Molanes Piñeiro.
- A directora do Centro de Recuperación Integral para Mulleres Vítimas da Violencia de Xénero–CRI, Begoña Rivera Barros.

Os informes son os seguintes:

Consello de Contas:

- Documento elaborado polo Consello no que se valoran os recursos económicos aplicados pola Administración autonómica á igualdade e á loita contra a violencia de xénero desde o ano 2007 ata o ano 2014.
- Información remitida por diversas entidades locais en resposta á demanda de información por parte do Consello sobre:
 - Liquidacións das aplicacións orzamentarias dedicadas a estas políticas de gasto.
 - Memoria económica das actividades desenvolvidas entre os exercicios 2007 e 2013 e as previstas no exercicio 2014.

Delegación do Goberno en Galicia:

- Datos sobre a violencia de xénero e trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, no que respecta ao ámbito de actuación do Corpo Nacional de Policía en Galicia.

Consello Económico e Social:

- Ditame sobre o anteproxecto de Lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

Instituto Galego de Estatística:

- A información estatística sobre violencia de xénero.

Anexos:

1. Escolma da información estatística.
2. Inventario de operacións estatísticas do Estado.
3. Inventario de operacións e outras actividades estatísticas de Galicia.

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría Xeral de Igualdade:

- Información sobre campañas informativas e de sensibilización contra a violencia de xénero.
- Informe do traballo transversal realizado por cada consellaría da Xunta de Galicia en materia de igualdade.
- Estudo sobre discapacidade e xénero.



— Información sobre as actuacións que realiza a Secretaría Xeral relativas ao tratamento da muller e aos casos de violencia de xénero nos medios de comunicación.

Entregada na Comisión polas persoas comparecentes:

Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia:

— Texto da comparecencia da súa representante.

Consello Galego de Colexios Médicos:

— A violencia de xénero. Visión do Consello Galego de Colexios Médicos.

Fademur:

— Texto da comparecencia da súa representante.

CIM A Coruña:

— Avaliación da aplicación das leis estatal e galega en materia de violencia de xénero.

Cáritas de Ourense

— A construción do concepto de trata. Unha manifestación da violencia de xénero.

ACCEM:

— Valoración do II Plan integral de loita contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

O 29 de novembro de 2016 constituíuse a Comisión de traballo na X lexislatura. Nela participaron 21 expertos/as:

— A presidenta do Observatorio de Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, María Ángeles Carmona Vergara.

— A profesora da Universidade Pompeu Fabra de Barcelona Patsilí Toledo Vázquez.

— A avogada especialista en violencia de xénero e presidenta da Fundación Mujeres María Luisa Soletto Ávila.

— A avogada especialista en violencia de xénero María Ángeles García Pérez.

— Graciela Atencio, xornalista e editora, directora de *Feminicidio.net*.

— O profesor de Dereito Penal da Universidade de Santiago de Compostela Fernando Antonio Vázquez-Portomeñe Seijas.

— O profesor de Dereito Constitucional da Universidade de Santiago de Compostela José Julio Fernández Rodríguez.

— A profesora da Universidade de Santiago de Compostela María Xosé Agra Romero.

— A Profesora da Universidade de Santiago de Compostela Marta Irene Lois González.

— A xornalista Pilar López Díaz.

— A profesora da Universidade de Vigo Belén Martín Lucas.



- O maxistrado da Audiencia Provincial da Coruña Ignacio A. Picatoste Sueiras.
- O subinspector da Policía Autónoma Celso Dacal Vázquez.
- Unha representante de directoras dos puntos de encontro familiar, Mónica Permuy López.
- A secretaria xeral de Igualdade e Xuventude de UXT-Galicia, Mónica María Rodríguez Ponte.
- A responsable da muller e igualdade do Sindicato Nacional CC.OO. de Galicia, Carmen Adela Sabio Sanz.
- A secretaria confederal das Mulleres da CIG, Margarita Corral Sánchez.
- A fiscal delegada autonómica de Galicia na unidade especializada en violencia, Rosalina Carrera Cotado.
- Unha representante da Cruz Vermella, Jessica Núñez Rego.
- O presidente da FEGAMP, Alfredo García Rodríguez.
- A secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella.

E 16 informes:

Instituto Galego de Estatística:

- Informe no que se transmite toda a información relacionada coas estatísticas de violencia contra a muller.

Delegación do Goberno:

- A seguinte información:

1. Memoria sobre violencia de xénero na Demarcación da Policía Nacional en Galicia.
2. Memoria sobre a trata de seres humanos na Demarcación da Policía Nacional en Galicia.

Consello de Contas:

- Documento elaborado polo Consello no que se valoran os recursos económicos aplicados pola Administración autonómica á igualdade e á loita contra a violencia de xénero desde o ano 2014 ata o ano 2017.

- Información remitida por diversas entidades locais en resposta á demanda de información por parte do Consello sobre:

- Liquidación das aplicacións orzamentarias dedicadas a política de gasto levadas a cabo pola entidade local.
- Memoria económica das actividades desenvolvidas nos exercicios 2014 a 2017 e estimación das actividades que se van desenvolver no exercicio 2018.

Consellería de Política Social:

- Informe da Dirección Xeral de Xuventude sobre a repercusión nas mozas da violencia de xénero na actualidade.

Consellería de Economía, Emprego e Industria:



— Documento referente ao Informe sobre contratación e inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero.

Secretaría Xeral da Igualdade:

- Informes dos CIM.
- Memorias das casas de acollida.
- Informe sobre a incidencia da violencia de xénero nas mulleres con discapacidade.
- Recursos e medios:
 - Informe das campañas informativas e de sensibilización contra a violencia de xénero.
 - Informe sobre o tratamento da muller nos medios de comunicación.
 - Informe do tratamento dos casos de violencia de xénero nos medios de comunicación.

Entregada na Comisión polas persoas comparecentes:

Observatorio de Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial:

— *Powerpoint* da comparecencia da comparecente.

Avogadas especialistas en violencia de xénero:

— Texto da comparecencia das avogadas.

UXT Galicia:

— Texto da comparecencia da súa representante.

Unha serie de responsables e/ou representantes de determinadas entidades ou dalgún organismo público non compareceron nesta Comisión. Son os seguintes:

- Raquel Castillejos Manzanares, da Universidade de Santiago de Compostela.
- Purificación Mayobre Rodríguez, da Universidade de Vigo.
- Ángela Figueruelo, da Universidade de Salamanca.
- Mercedes Oliveira Malvar, da Universidade de Vigo.
- Belén Puñal Rama, xornalista.
- Persoa responsable da Garda Civil.
- Persoa responsable da Policía Nacional.
- Representante de Fademur.
- Representante da Marcha Mundial das Mulleres.
- Representante da Asociación de Terapia Familiar e Mediación de Galicia.



2. Marco legal

2.1. Introducción

Segundo algunhas das persoas comparecentes na Comisión, temos un amparo legal no ámbito galego e estatal que denota a aposta dos diferentes gobernos na loita contra a violencia machista. Trasladan igualmente que a lexislación galega é moi avanzada e moi próxima ao Convenio de Istambul, considerado o tratado internacional máis completo e transversal sobre o traballo contra a violencia de xénero a nivel europeo, e que recolle o seu espírito, a diferenza do Estado, que continúa a incumprilo neste momento.

O Plan de traballo da Comisión non permanente para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres foi aprobado o 31 de xaneiro de 2014, e desde esa data xurdiron modificacións lexislativas con respecto á violencia de xénero tanto na lei orgánica como na autonómica, entre outras.

Posteriormente, na sesión plenaria do 24 de xaneiro de 2017, o Parlamento de Galicia expresou, por unanimidade, a súa vontade de constituír unha relatoría dentro da Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, coa finalidade de promover un Pacto galego contra a violencia de xénero en que se recollan cambios lexislativos. O traballo de análise das opinións expresadas polas persoas expertas ao longo das lexislaturas IX e X sintetiza propostas de actuación concretas que sosterán a base dese futuro Pacto galego de forma vinculante.

Por outra parte, tamén en conformidade con ese mandato parlamentario, elaborouse un documento de consenso de todos os grupos políticos con representación na Cámara co obxectivo de trasladar unha posición única e conxunta á xuntanza da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado, a cal foi acordado convocar na Conferencia de Presidentes do 17 de xaneiro de 2017, co fin de incorporar as achegas da Comunidade Autónoma de Galicia aos traballos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, tal e como así se fixo.

2.2. Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero

A loita contra a violencia de xénero tivo un amplo avance nesta área no que atinxe o seu desenvolvemento normativo. Así, no ámbito estatal aprobouse a Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro, de medidas concretas en materia de seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros; a Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, ou a Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica, que estableceu un sistema de coordinación dos órganos xudiciais e administrativos, concentrando nunha única resolución xudicial a adopción de medidas de natureza civil e penal e a activación dos instrumentos de protección social destinados ao amparo e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero.



O Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade de todos os grupos parlamentarios, a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, no día 22 de decembro de 2004. Internacionalmente, esta norma colocou o noso país na vangarda, tornou manifesta a aposta firme e clara contra a violencia e fixo que esta pasase da esfera privada á pública.

O obxectivo desta lei é actuar contra a violencia sobre as mulleres por parte dos seus cónxuxes, presentes ou pasados, ou daquelas persoas ligadas a elas por relacións afectivas, con ou sen convivencia. Este artigo foi obxecto de modificación tanto na proposta que xurdiu na Comisión de Estudo para a igualdade entre homes e mulleres como na achega da nosa comunidade autónoma ao Pacto de Estado, como fica reflectido no propio Pacto, coas modificacións legislativas propostas. Tamén na Lei galega de prevención e tratamento integral contra a violencia de xénero se recolle que, a pesar de non ter vínculo afectivo o maltratador coa vítima, esta non perde a consideración de vítima.

Esta lei ten unha finalidade dobre:

- Establecer medidas para previr, sancionar e erradicar a violencia de xénero.
- Ampliar os dereitos e a cobertura asistencial ás mulleres vítimas da violencia de xénero.

Alén diso, a dita lei define a violencia de xénero como todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación de liberdade.

Así mesmo, a lei recoñece o dereito á asistencia social integral no artigo 19: «As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollemento e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte das comunidades autónomas e das corporacións locais responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinaridade profesional».

A lei enumera os seguintes dereitos subxectivos das mulleres que sofren situacións de violencia de xénero: dereito a seren informadas e asesoradas; dereito a asistencia social integral a través de servizos sociais; dereito a asistencia xurídica, que será gratuíta en todos os casos; dereitos laborais e prestacións da Seguridade Social, e dereitos económicos para as persoas afectadas pola violencia de xénero con escasos recursos. Ao mesmo tempo, agrava as penas por lesións e castiga como delito as coaccións e ameazas leves.

Así mesmo, créanse diferentes órganos como son a Delegación especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller, xulgados de violencia contra a muller e o Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller.

Posteriormente, aprobáronse en 2015 as seguintes leis:

1. A Lei 4/2015, do 27 de abril, do estatuto da vítima do delito.



Nesta lei, con este catálogo xeral de dereitos procesuais e extraprocesuais, as vítimas de violencia de xénero ven ampliada a súa asistencia e protección. Ademais, esta lei remite ao disposto na lexislación especial respecto a vítimas con necesidades especiais ou con especial vulnerabilidade, como son as vítimas de violencia de xénero en virtude da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

2. A Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Ambas fan que melloren tanto a atención como a protección das fillas e dos fillos das mulleres vítimas de violencia de xénero, así como das menores e dos menores vítimas doutras formas de violencia, en particular da trata de seres humanos.

O punto máis relevante en relación coas menores e cos menores é a inclusión das fillas e dos fillos das mulleres vítimas de violencia de xénero no artigo 1 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, co obxecto de visibilizar esta forma de violencia exercida sobre estes suxeitos.

Tamén se amplían as situacións obxecto de protección en que as menores e os menores se poden encontrar a cargo da muller vítima de violencia de xénero, ao incluír o acollemento, a tutela e a curatela ou garda de feito.

Ben que a lei orgánica é de cumprimento para todo o territorio nacional, neste ditame centrarémonos especialmente no que afecta a nosa comunidade autónoma e priorizaremos as nosas competencias, sen por causa disto esquecer aquelas do Estado que non están a ser executadas en Galicia e cuxo cumprimento, por tanto, é preciso requirir. Referímonos, nomeadamente, a aquelas cuestións que se aprobaron no Pacto de Estado e que teñen incidencia na nosa comunidade.

2.3. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

É a primeira lei galega elaborada para a prevención e o tratamento da violencia de xénero e conta co precedente da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, na que se dedicaron a este problema os artigos 19 e 20, que conteñen previsións xerais sobre as medidas precisas para a erradicación da violencia contra as mulleres, así como algunhas actuacións xudiciais.

É destacable que esta Lei 11/2007 se aprobou co voto favorable de todos os grupos parlamentarios, o cal indica o grao de sensibilización e de concienciación sobre a importancia da violencia de xénero na nosa sociedade. E marcou a través dos seus títulos, capítulos e artigos o camiño a seguir polas distintas institucións e



administracións de Galicia na prevención, a detección e a intervención fronte á violencia de xénero.

Esta lei foi modificada no ano 2016, a través da Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Trátase dunha iniciativa de reforma que contou tamén cun amplo consenso na Cámara galega.

Introduce dúas importantes modificacións:

- a) Inclúese como forma de violencia a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.
- b) Garántese por lei que o prazo para solicitar as axudas económicas periódicas para mulleres vítimas da violencia de xénero estará aberto todo o ano.

Destacamos da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, un aspecto fundamental como é a ampla definición das formas de violencia que se recollen nela.

«Artigo 3. *Formas de violencia de xénero*

Para os efectos desta lei, considéranse formas de violencia de xénero, fundamentalmente, as seguintes:

- a) Violencia física, que inclúe calquera acto de forza contra o corpo da muller, con resultado ou risco de producir lesión física ou dano, exercida por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia.

Igualmente, terán a consideración de actos de violencia física contra a muller os exercidos por homes do seu contorno familiar ou do seu contorno social e/ou laboral.

- b) Violencia psicolóxica, que inclúe toda conduta, verbal ou non verbal, que produza na muller desvalorización ou sufrimento, a través de ameazas, humillacións ou vexacións, esixencia de obediencia ou submisión, coerción, insultos, illamento, culpabilización ou limitacións do seu ámbito de liberdade, exercida por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia.

Igualmente, terán a consideración de actos de violencia psicolóxica contra a muller os exercidos por homes do seu contorno familiar ou do seu contorno social e/ou laboral.

- c) Violencia económica, que inclúe a privación intencionada, e non xustificada legalmente, de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas



fillas e fillos ou a discriminación na disposición dos recursos compartidos no ámbito da convivencia de parella.

d) Violencia sexual e abusos sexuais, que inclúen calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, e que abarcan a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas, e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima.

e) Acoso sexual, que inclúe aquelas condutas consistentes na solicitude de favores de natureza sexual, para si ou para unha terceira persoa, nas que o suxeito activo se prevale dunha situación de superioridade laboral, docente ou análoga, co anuncio expreso ou tácito á muller de causarlle un mal relacionado coas expectativas que a vítima teña no ámbito da devandita relación, ou baixo a promesa dunha recompensa ou dun premio no ámbito desta.

f) A trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.

g) Calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou a liberdade das mulleres.»

A lei prevé a realización de informes anuais de seguimento e a súa remisión posterior ao Parlamento. O documento consta de datos estatísticos sobre as distintas formas de violencia contra as mulleres, e anualmente comparece no Parlamento galego a responsable do departamento de Igualdade da Xunta de Galicia para trasladar ou expor o informe anual sobre violencia de xénero da nosa comunidade autónoma. Desde 2018 inclúese un informe específico sobre violencia sexual como addenda ao informe anual de avaliación da lei galega. Así mesmo, a lei sinala que no desenvolvemento e despregamento da rede de recursos e servizos en materia de violencia de xénero deben terse en conta os desequilibrios territoriais existentes no noso país.

Respecto aos medios de comunicación, a lei establece a necesidade de promover acordos e convenios de autorregulación en todos os medios de comunicación social, achegando os criterios orientadores que sirvan como pauta de actuación sobre como tratar a violencia de xénero e a imaxe das mulleres.

A Lei 11/2007 tamén incorpora, no capítulo 2, a necesidade de pór en marcha medidas de investigación e de formación en materia de violencia de xénero, centrándose na universidade e nos profesionais que traballan en ámbitos relacionados, directa ou indirectamente, coa violencia de xénero.

Ao respecto do ámbito educativo, a lei prevé numerosas actuacións orientadas a combater os estereotipos, actitudes e comportamentos machistas desde as aulas. A importancia da educación na prevención e erradicación da violencia machista e



do sistema patriarcal debe ser unha das principais áreas de actuación, como así sinalaron multitude de persoas comparecentes na Comisión de Igualdade.

Outro ámbito de actuación da lei galega contra a violencia de xénero que recolle medidas concretas é o xudicial. A pesar de as competencias na materia seren exclusivas do Estado español, a Xunta de Galicia ten desenvolvido medidas para garantir a asistencia xurídica e letrada das mulleres en situación de violencia de xénero (artigos 28 e 29). Así o reflicte o convenio asinado cos colexios profesionais da avogacía de Galicia, os cales ofrecen un servizo de garda 24 horas.

A Constitución española, no seu artigo 14, proscribe toda discriminación por razón de sexo e no artigo 9.2 consagra a obriga dos poderes públicos de promoveren as condicións para que a igualdade do individuo, e das agrupacións en que se integra, sexan reais e efectivas.

Ao longo destes anos xurdiron cinco decretos que desenvolven a Lei galega de prevención e tratamento integral contra a violencia de xénero:

— O Decreto 157/2012, do 5 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación. Neste senso, ponse en marcha o Consello Galego das Mulleres, como órgano colexiado e institucional de Galicia, de carácter consultivo, de participación e asesoramento nas políticas de igualdade. Por outro lado, en materia de contidos e publicidade, a Xunta de Galicia constituíu a Comisión asesora de publicidade sexista no seo do Observatorio Galego da Violencia de Xénero.

— O Decreto 1/2014, do 9 de xaneiro, polo que se regula a creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero. Trátase dun espazo onde se desenvolve a xestión, coordinación, asistencia e formación desde o ámbito social, laboral e económico que opera como centro de referencia e coordinación da Rede galega de acollemento.

— O Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia. Este servizo facilita e mantén a relación entre os menores e as familias en situación de crise, procurando a seguranza e benestar destas. Igualmente, favorece a relación coas familias e o cumprimento do réxime de visitas.

— O Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.

— O Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Impulsose por primeira vez nunha comunidade autónoma a formación en igualdade para homes e mulleres,



así como a prevención e loita contra a violencia de xénero para o persoal da Xunta de Galicia, e promoveuse tamén a transversalidade da igualdade en todas as áreas de xestión.

2.4. Consideración da normativa internacional con respecto á violencia de xénero

NACIONS UNIDAS

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou, o 10 de decembro de 1948, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Nos seus artigos primeiro e segundo establécese o valor supremo da igualdade de todas as persoas en dignidade e dereitos, sen que poida facerse ningunha distinción en función do sexo. Así queda reflectido: «Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos... E toda persoa ten os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción ningunha de raza, cor, sexo,...».

A ONU, ao longo da súa historia, acordou diferentes convencións internacionais para promover o avance na igualdade das mulleres e na loita contra a violencia de xénero. A súa importancia reside nos efectos xurídicos vinculantes, unha vez ratificadas estas convencións polos Estados parte. As dúas máis importantes nesta materia son:

1. A Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller

Esta declaración aprobouse na Asemblea Xeral, na súa Resolución A/RES/48/104, do 20 de decembro de 1993. Xa se recoñeceu na Terceira Conferencia Mundial sobre a Muller, desenvolvida en Nairobi en 1985, que un dos obstáculos para conseguir a igualdade, o desenvolvemento e a paz é a violencia exercida sobre as mulleres. Por tanto, recomendouse o impulso dunha serie de medidas para combater este tipo de violencia. No preámbulo indica que a violencia contra a muller «constitúe unha violación dos dereitos humanos e liberdades fundamentais» e afirma «que a violencia contra a muller constitúe unha manifestación de relacións de poder historicamente desiguais entre o home e a muller, que conduciron á dominación da muller e á discriminación na súa contra por parte do home, e impediu o adianto pleno da muller, e que a violencia contra a muller é un dos mecanismos sociais fundamentais polos que se forza a muller a unha situación de subordinación respecto do home».

2. Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller. Declaración e Plataforma de Acción de Beijing, 1995

Na Conferencia de Nairobi de dez anos atrás sinalase a importancia da presenza e da toma de decisións das mulleres en todos os ámbitos, mais é nesta Conferencia de Beijing onde se encontra un cambio transversal, dado que os Gobernos se comprometían a incluír a dimensión de xénero en todas as institucións, políticas legislativas e procesos de planificación.



Reafírmase na Conferencia a vontade e o compromiso dos Gobernos coa implementación dos dereitos humanos das mulleres e das nenas, como parte indivisible destes dereitos e das liberdades fundamentais, igualdade de dereitos e dignidade humana e o apoderamento das mulleres.

A Declaración e a Plataforma de Acción son o programa para a potenciación do papel da muller, decisivo para o século XXI.

Así mesmo, foron catro as conferencias mundiais sobre as mulleres que organizou a ONU:

— Conferencia Mundial do Ano Internacional da Muller, en Cidade de México, no ano 1975.

— Conferencia Mundial do Decenio das Nacións Unidas para a Muller, Copenhague, 1980.

— Conferencia Mundial para o Exame e a Avaliación dos Logros do Decenio das Nacións Unidas para a Muller, Nairobi, 1985.

— Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller, de onde sae a Declaración e Plataforma de Acción de Beijing, na que se establecen obxectivos estratéxicos e diferentes propostas para conseguir a igualdade, Beijing, 1995. A esta séguena unha serie de exames quinquenais:

a) A Asemblea Xeral para a avaliación e seguimento das medidas de Beijing fíxoo con este título: *A muller no ano 2000: igualdade entre os xéneros, desenvolvemento e paz para o século XXI*, Nova York, 2000.

b) Levouse a cabo a avaliación do decenio e chegouse á conclusión de que é fundamental para conseguir os obxectivos engadidos os contidos na Declaración do Milenio. Ano 2005.

c) Os Estados aprobaron unha declaración que amosa os progresos conseguidos coa finalidade de chegar á igualdade real e avanza na Declaración e Plataforma de acción de Beijing. Ano 2010.

d) Na sesión coñecida como Beijing +20 o Consello solicitou a todos os Estados membros da ONU facer avaliacións en cadanseu país e invitou as comisións rexionais a facer o mesmo no seu ámbito de aplicación.

CONSELLO DE EUROPA

Foi no ano 2011 cando se asinou en Istambul o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica, coñecido como Convenio de Istambul, que entrou en vigor en Europa no ano 2014. Constitúe o tratado internacional de maior alcance para facer fronte a esta grave vulneración dos dereitos humanos. O seu obxectivo é a tolerancia cero contra o maltrato e os seus fundamentos son:



- Previr a violencia.
- Protexer as vítimas.
- Implementar accións xudiciais contra os agresores.

Recoñécese por vez primeira que a violencia contra a muller é unha violación dos dereitos humanos e unha forma de discriminación. E son responsables os Estados se non dan respostas axeitadas a esta violencia. Aparece o concepto de xénero por primeira vez nun tratado internacional, e criminaliza outros delitos como a mutilación xenital feminina, o acoso, o aborto forzado, o matrimonio imposto, a esterilización obrigada e a violencia sexual, e así os sistemas xurídicos modifícanse para catalogar como delitos graves estas situacións. Tamén se fai un chamamento aos organismos públicos e privados para coordinar e cooperar, en definitiva, para traballar dunha forma conxunta contra a violencia.

3. Comparecentes e informes. Recomendacións

Neste apartado recóllense as achegas expresadas polos comparecentes que, con independencia de seren ou non compartidas polos grupos representados na Comisión, serviron de marco e de base para o debate político que dá lugar ás conclusións deste ditame.

Eixe 3.1. Sensibilización, prevención e educación

3.1.1. Sensibilización e prevención

É imprescindible introducir nas axendas, coa maior contundencia posible e dunha vez por todas, a violencia machista como un problema público de todos e de todas, promovendo a integración da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no deseño, execución e avaliación de todas as medidas e actuacións en que se concreten as diferentes políticas municipais. Segundo as palabras da secretaria xeral de igualdade, son os poderes públicos os que teñen a responsabilidade de axudar a que se desterren os estereotipos machistas.

Neste sentido, é fundamental promover, a través de campañas de sensibilización, un cambio social nas dinámicas e comportamentos que latexan detrás deste fenómeno. Amósase como prioritario o fortalecemento da opinión pública para reaccionar fronte a esas agresións, obrigando a cidadanía a denunciar os delitos. O fomento das estratexias que potencien actitudes críticas fronte ás desigualdades e á violencia de xénero ten que desenvolver habilidades de comunicación, escoita activa, expresión de sentimentos e asertividade para a resolución de conflitos, segundo se declara desde o CIM de Sanxenxo.

Débense impulsar máis iniciativas de sensibilización social dirixidas a erradicar os estereotipos dominantes en canto aos roles de xénero, levando a cabo campañas para visibilizar a violencia de xénero na vida cotiá e sacar o debate ás rúas, tal e como entende a presidenta do Observatorio, pois incrementouse considerablemente o número de denuncias grazas á visibilidade, a sensibilización



e a aposta firme para pasar do ámbito privado ao público con respecto á violencia machista.

O foco da atención está posto sobre a mocidade, dentro do ámbito educativo, co obxectivo de determinar estratexias e propostas de traballo preventivo coa xente nova. Así, propónse, desde o CIM da Guarda, o acercamento ameno aos/ás máis pequenos/as, a través dunha linguaxe accesible que facilite a chegada correcta dunha mensaxe que recalque a importancia do trato igualitario entre nenos e nenas e, de acordo con José Julio Fernández, profesor de Dereito Constitucional na Universidade de Santiago de Compostela, o fortalecemento democrático, baseado na defensa dos valores constitucionais, de liberdade e de seguridade, creando conciencia de comunidade democrática e desactivando estereotipos machistas e a permisividade coas agresións á muller.

Unha de cada tres persoas novas non identifica os comportamentos de control coa violencia de xénero. Por iso, desde a Dirección Xeral da Xuventude son fundamentais as charlas nos institutos e as campañas dirixidas á xente nova. É imperativo axudar a mocidade a identificar e rexeitar condutas sexistas e nocivas para as súas relacións. Xerárase así unha maior concienciación sobre a desigualdade que se establece entre mulleres e homes favorecendo o desenvolvemento de modelos de relación de parella, identificando os mitos sobre o amor romántico e afondando nos mecanismos que conforman o proceso de maltrato co obxectivo de detectar e evitar relacións baseadas no dominio e no control.

É fundamental garantir a difusión da información dos recursos e prestacións, primordialmente a mulleres maiores, migrantes, dependentes e/ou con diversidade funcional, pola súa especial situación de vulnerabilidade, enténdese desde CC.OO. Do mesmo xeito, tamén se deben dotar de maiores recursos publicitarios os CIM, para dar a coñecer os seus servizos, que poden ser demandados por usuarias de calquera tramo de idade, sinala o CIM de Moaña.

No ámbito educativo é necesario tomar conciencia do que acontece, educar a sociedade e os profesionais de todos os ámbitos, nos colexios, nos institutos e en calquera medio sanitario e de servizos sociais facendo proxectos de cooperación internacional coas asociacións locais contra a trata, subliña a presidenta de APRAM. Aínda queda moito por facer, segundo as representantes de Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor de Ferrol, pois cada ano crece a clientela dos clubs de alterne e parte dese aumento débese a un público formado por xente nova. En relación con isto, é imperativo facer campañas de sensibilización enfocadas ao cliente das vítimas de trata e da prostitución para evitar crear estereotipos. Segundo se indicou no Informe das Campañas informativas da Secretaria Xeral de Igualdade, é preciso sensibilizar e concienciar a xuventude de que o consumo de prostitución é unha forma de colaborar coa explotación sexual e a violencia contra as mulleres. É importante que se teña conciencia desta realidade á hora de tomar decisións sobre participar ou non nesta explotación.



En definitiva, a sociedade debe involucrarse e asumir que é responsable.

3.1.2. Educación

A educación é un dos eidos máis importantes e no que é esencial facer especial fincapé na prevención, na sensibilización fronte á violencia de xénero e na consecución da igualdade.

En primeiro lugar, hai que revisar os materiais didácticos, os libros de texto e os contidos dixitais que se están a empregar nas escolas galegas, favorecendo novos patróns de relacións entre nenas e nenos, así como a configuración de identidades igualitarias, destacan desde a asociación FIADEIRAS.

Dende APAIOGA entenden que para poder levar a cabo esta inclusión dos valores da igualdade de xénero na educación é preciso facer partícipes os homes desde cativos, xa que é cando son socializados para relacionarse empregando a violencia, para facer e facerse dano ou para non saber xestionar as emocións. O lugar máis adecuado para este propósito son as escolas e as familias. Estas últimas precisan de profesionais que os acompañen e guíen, xa que a familia é o núcleo primario de socialización de calquera neno ou nena.

Outro problema que se detecta neste ámbito é a falta de formación en materia de igualdade, de acoso e de xénero en todo o colectivo de profesionais, pois nas carreiras é unha materia que non se imparte. De acordo co CIM da Laracha, é necesario que os profesionais da educación saiban e trasladen eses coñecementos e valores aos cativos e ás cativas. En definitiva, a educación nos valores de igualdade e de xénero ten que darse en todos os niveis educativos, empezando pola educación infantil.

Non só hai que educar en igualdade senón tamén na prevención da violencia de xénero e do *bullying*, entre outros; e para que a educación en igualdade sexa efectiva é indispensable non caer nos estereotipos.

Outra idea importante, que se lanza desde CC.OO, é a de incluír no informe do Consello Escolar galego, en relación co sistema educativo, o grao de aplicación nos centros das medidas que favorecen as relacións igualitarias entre os sexos para poder avaliar que se estean a aplicar de forma óptima.

En segundo lugar, débese promover unha coeducación en convivencia positiva como ferramenta para traballar a igualdade e a prevención da violencia de xénero nas aulas.

En referencia á inclusión dos valores da igualdade, prevención e sensibilización da violencia de xénero é necesaria a introdución nos plans de estudos de enfermeiros, e quizais tamén en todos os ensinos do campo da saúde, unha maior presenza desta materia na área correspondente; incluso establecendo que tivese unha presenza en materias troncais, favorecendo a sensibilización e asegurando a asimilación destes coñecementos xunto coas disciplinas regulamentarias.



Por último, Marta Irene Lois González observa que é preciso facilitar unha construción presente e futura de novas masculinidades. Moitos homes non están cómodos cos estereotipos e os roles que a sociedade patriarcal lles outorga e demandan a construción de novos roles dos que realmente se sintan partícipes. As políticas públicas de igualdade deberían de comprender, tamén, este traballo.

3.1.3. Investigación e seguimento estatístico

É necesario facer un seguimento estatístico da violencia de xénero, tanto a nivel institucional como social, para poder achegar todas as medidas, prevencións e axudas a este tema tan delicado para as mulleres.

Debería incluírse a posibilidade de facer un rastrexo das retiradas de denuncia desde a fiscalía, para manter un control, é dicir, a seguridade de que non haxa consecuencias nocivas, motivos alleos ou outro tipo de condicionantes que poderían ser prexudiciais no futuro, opinan algúns dos comparecentes.

As comparecentes de determinados CIM, coma o de Vigo, Ourense, Pontevedra e A Coruña, informan que, de cara a proporcionar un bo servizo ás mulleres, é moi importante aprobar a realización dunha investigación sobre cal é a situación real de todos os CIM da comunidade autónoma: ratio, persoa que dirixe o centro, recursos económicos e humanos, como se está a atender as mulleres que sofren maltrato e o nivel de aceptación e satisfacción das usuarias.

Outro punto clave, segundo a xornalista Pilar López, é o financiamento para a elaboración de estudos cuantitativos e cualitativos nos medios de comunicación que permitan avaliar o grao de aplicación dos manuais de estilo dos convenios de autorregulación. É necesario saber se están chegando a todos os colectivos implicados, se os profesionais os están levando a cabo e se están seguindo esas pautas recomendadas. Xa que hai que comprobar se os traballos, ao abeiro destas leis, foron efectivos, é imprescindible realizar estudos rigorosos que permitan testar o efecto dos manuais de estilo e dos convenios de autorregulación.

De cara á erradicación da violencia de xénero é importante facer fincapé na investigación sobre as causas e as consecuencias, así como nos medios para evitala, segundo indica Rosendo Bugarín, o representante do Consello Galego de Colexios Médicos. E desde Médicos do Mundo indican que existen moitos aspectos descoñecidos na actualidade e que sería de interese xeral poder pescudalos para loitar contra eles. En relación con isto, no hai estudos que avalíen a eficacia das medidas levadas a cabo para mellorar a saúde das mulleres maltratadas, e deben facerse para saber se as medidas están sendo útiles ou, polo contrario, habería que modificalas.

Respecto do rural existe, de acordo coa Femuro-Fademur, a necesidade de facer un estudo estatístico; unha análise das axudas concretas para as mulleres, da rede de servizos e das prestacións dispoñibles para poder atendelas en igualdade de condicións que no ámbito urbano.



Así mesmo, e como parte da recollida de datos para a elaboración de estudos estatísticos, desde o CERMI arguméntase que sería de interese recoller información para elaborar estatísticas acerca do número de mulleres con discapacidade que pasaron por unha situación de violencia de xénero e cantas, despois de pasaren por unha situación así, adquiriron unha discapacidade; pola súa vez, existe a necesidade de xerar estudos de xénero que axuden a entender a sociedade galega en todas as súas dimensións, e que sirvan de base para a creación de políticas públicas adecuadas, subliñan desde Médicos do Mundo.

É imprescindible estimular estudos relevantes sobre violencia de xénero nas redes sociais de Galicia, sobre discriminación das mulleres con discapacidade, sobre a trata en Galicia e sobre as redes que explotan as persoas sen teito ou sen fogar, entende José Julio Fernández, quen, ademais, engade que os resultados terán que terse en conta para futuras actuacións.

En relación con isto, Belén Martín Lucas, profesora da Universidade de Vigo indica que unha liña de investigación na que se pode incidir é sobre as formas de masculinidade que se están a transmitir e a aprender desde a infancia. Esta é unha maneira de saber se se poden facer correccións desde a infancia para prever certas condutas no futuro. A investigación é unha clave fundamental para erradicar as condutas violentas que ten a sociedade. E a lei recolle a necesidade de investir na relación de datos e na investigación científica sobre a violencia contra a muller, pero non existen nin estudos de xénero nin investigacións sobre violencia de xénero nas universidades galegas. Por iso se amosa necesario levar a cabo estes estudos estatísticos e investigacións.

Noutra orde de ideas, con respecto á prevención e ao combate da violencia de xénero, Marta Irene Lois González entende, a respecto das campañas, que no que hai que incidir non é na avaliación do impacto senón en facer unha análise da diagnose de cales son os valores e os estereotipos que combate ou non combate, é dicir, identificar os problemas para avanzar nas solucións.

Tamén, desde o ámbito público, é necesario facer unha boa diagnose, mellor dito, unha boa definición da política pública. Marta Irene Lois González advirte de que non é soamente unha cuestión de saber como mellorar as ferramentas de avaliación das políticas públicas, senón se temos a capacidade de ter unha boa diagnose da situación e de cales son as políticas que cómpre implementar para sermos quen de mellorar o contexto e conseguir a futura erradicación.

Coñecer a veracidade dos datos é imprescindible para a interposición de medidas efectivas neste caso. Por iso é necesario mellorar a recollida sistemática e completa (estatística) da información que nos permita coñecer as causas polas que unha cuarta parte das mulleres que foron asasinadas non interpuxeran unha denuncia, expón Mónica Rodríguez desde a UXT.

Por outra banda, desde CC.OO suxiren que é necesario difundir e avaliar os datos estatísticos e os resultados en materia laboral das iniciativas e actuacións



promovidas pola administración das empresas, para coñecer e valorar o impacto delas.

Por último, o CIM de Vigo propón cuantificar o asesoramento, información e contención da información telefónica non reflectida, nin cuantificada, e producir esa intervención diariamente para levar a cabo un seguimento exhaustivo.

3.1.4. Medios de comunicación

Na loita contra a violencia de xénero os periodistas teñen que ser responsables como profesionais dos medios e como cidadáns.

Existe a necesidade de aplicar as recomendacións da Declaración de Compostela para a mellora no tratamento da información referente a violencia de xénero; o Protocolo da Federación de Prensa Internacional de 2008 ao decálogo para informar sobre a violencia de xénero de ámbito nacional; así como a proposta que ten a Xunta como requisito para a adxudicación de calquera subvención, sendo sancionables dentro dela.

Aínda que, como explica José Julio Fernández Rodríguez, debe concienciarse os medios de comunicación a través da autorregulación, no referente aos medios de comunicación audiovisuais sería positivo crear uns códigos que regulasen os contidos e que estes fosen vinculantes, penalizándose dalgunha maneira a utilización dunha linguaxe non inclusiva e sexista.

Desde as Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor de Ferrol enténdese que, moitas veces, á hora de tratar a violencia de xénero, cando é noticia, faise dunha maneira moi frívola.

Débase asumir a adopción de medidas de control sobre os contidos que se emiten nos diferentes medios de comunicación, particularmente a publicidade, e certos programas televisivos que contribúen de forma significativa a perpetuar modelos de femineidade e masculinidade tradicionais e vinculados directamente coa violencia machista, sinálase desde FIADEIRAS.

Desde esta última asociación,ponse de manifesto a necesidade de dar visibilidade aos expertos nos temas de igualdade nos debates da Televisión Galega, ofrecerlles espazos concretos na radio e incorporalos nos medios de comunicación para que actúen como asesores das persoas que elaboran contidos televisivos e radiofónicos. É preciso potenciar a visibilidade das mulleres dentro da programación dos medios públicos galegos, utilizar unha linguaxe non sexista e prestar especial atención ás novas relativas aos delitos de violencia de xénero, incluíndo o teléfono de atención ás vítimas de malos tratos.

En relación con todo o anterior, Patsili Elisa Toledo Vázquez, profesora da Universidade Pompeu Fabra de Barcelona, entende que os medios de comunicación deben informar destes casos dun xeito menos sensacionalista, desde o respecto, sempre, a liberdade de prensa, contribuíndo a crear unha conciencia crítica social e colectiva fronte aos malos tratos.



Natalia Rodríguez Galán, de FIADEIRAS, afirma que o tratamento das mulleres nos medios audiovisuais é manifestamente mellorable en moitos programas das televisións non públicas, e que neste sentido se deben cumprir preceptos tan elementais como a protección horaria.

É fundamental, de acordo co que apunta Pilar López Díaz, comprometerse a promover e establecer espazos de reflexión, a través de programas especializados, artigos de opinión, reportaxes interpretativas, debates e outros xéneros para o afondamento que axuden a xerar unha conciencia social sobre a necesidade de erradicar a violencia de xénero. Esta mesma xornalista destaca que os propios xornalistas poden asociarse, falta un consello audiovisual que existe en todos os países europeos pero en España non existe a nivel estatal. Outras das propostas de Pilar López Díaz pasan por, en primeiro lugar, valorar cos mesmos criterios informativos as accións protagonizadas por mulleres e por homes; e, en segundo lugar, elaborar un Plan de igualdade para a RTVG que inclúa a creación dun comité de xénero.

Segundo os contidos do Informe do tratamento dos casos de violencia de xénero nos medios de comunicación, as televisións e os medios de comunicación teñen que rexeitar anuncios publicitarios que banalicen ou inciten a violencia de xénero ou nos que se conteñan, tácita ou implicitamente, mensaxes misóxinas ou que atenten contra a dignidade das mulleres, así como perseguir a vulneración da lei nas mensaxes publicitarias que non respecten a igualdade entre homes e mulleres ou agridan a dignidade das persoas. Do mesmo informe extráese que se ten que informar as vítimas dos seus dereitos e dos instrumentos previstos para a súa protección a través de campañas, o rexeitamento social dos maltratadores.

Debemos acabar coa utilización do corpo feminino como reclamo publicitario, pois utilízase o corpo da muller como un simple adorno para promover un produto ou servizo, para chamar a atención do sexo masculino, e hai que rematar co fomento dun canon de beleza feminino ideal que pode incitar comportamentos lesivos para a saúde. Como se desprende do Informe sobre o tratamento da muller nos medios de comunicación, é preciso pór fin aos anuncios onde as mulleres se mostran pasivas, fráxiles, submisas, fronte a homes activos, fortes e agresivos, seguros de si mesmos, e deixar de perpetuar os roles onde as mulleres seguen sendo as expertas desempeñando o rol de ama de casa, mentres que os homes que aparecen como protagonistas son minoría nestas tarefas e amósanse con menos destreza.

É necesario elaborar e difundir unha serie de recomendacións aos medios de comunicación para o correcto tratamento informativo da violencia de xénero. Así o fixo a Secretaría Xeral en 2010 publicando un manual que, por lei, a Radio Televisión de Galicia debería adoptar como libro de estilo.

Débese ampliar o campo de representación das mulleres tamén nos órganos directivos, entende a fiscal Rosalina Carrera. Para iso, os medios de comunicación



necesitan formación e mellorar o tratamento que dan aos sucesos de violencia de xénero, fundamentalmente cando son asasinatos e con moitísima repercusión mediática, pois rompen o código deontolóxico de periodismo.

Belén Martín Lucas, profesora da Universidade de Vigo, sinala que se analizan os estereotipos sexistas máis asentados nas artes visuais, con especial atención á representación das mulleres no cinema, nos vídeos musicais, na publicidade e nas artes plásticas e a súa contribución ao fomento das agresións contra as mulleres. Apunta a hipersexualización das cantantes, que o valor da muller reside na súa sexualidade, fenómenos de masas como *Cinquenta Sombras de Grey*, o sexismo e denigración das mulleres, o discurso pornográfico nos anuncios, a relación de dominación dos vídeos musicais, xa que son indicios representativos do insidioso traballo de concienciación na submisión que as mulleres recibimos continuamente. A profesora subliña que o discurso pornográfico incide na violencia e no sadomasoquismo e difunde a idea de que a violencia é normal nas prácticas sexuais, e as mozas están aceptando cada vez máis maiores doses de agresión como naturais. O nivel de aceptación da violencia sobe. Neste contexto, o termo «consentimento» é máis que discutible.

Dende o CIM de Boqueixón propónse manter unha colaboración cos medios de comunicación (taboleiro de edictos, prensa, radio, centros sociais, médicos..) adecuada, para desa forma darlles difusión aos cursos, obradoiros, etc. que se organicen e así chegar a todos os recunchos da zona e mellorar as relacións coa prensa á hora de difundir noticias e cursos formativos relacionados coa violencia de xénero, para que o fagan desde a sensibilización e non desde o morbo.

Finalmente, en relación cos asasinatos de mulleres, cómpre unha revisión dos termos en que as novas son ofrecidas á cidadanía, dotándoas de maior rigor e dun tratamento axeitado. Non morremos, mátannos. Resulta fundamental pór o foco nos agresores e visibilizalos como o que son. Son medidas que a día de hoxe xa se están levando a cabo, poñendo o foco no agresor, cando hai relativamente poucos anos non era así.

3.1.5. Novas tecnoloxías

As ferramentas informáticas son un novo medio para a comunicación, mais o seu uso fraudulento e nocivo pode ser prexudicial, en especial, para a xente nova. Por isto, hai que prestar atención á mocidade e á adolescencia como público diana das campañas, por encontrarse nunha etapa vital de especial vulnerabilidade na construción de identidades e de vínculos afectivos. Cómpre deseñar campañas pensando nas redes sociais. En relación con isto, é importante desenvolver un informe coas formas máis usuais e os indicadores de violencia de xénero a través das novas tecnoloxías para detectar, de maneira máis temperá, as actitudes nocivas e poder erradicalas.



Para facer unha boa campaña de prevención e sensibilización deberíanse utilizar as novos canles, como as redes e plataformas sociais, que chegan a xente máis nova, invitando á corresponsabilidade de toda a sociedade contra a violencia.

Seguindo co tema das campañas, a Secretaría Xeral de Xuventude entende que hai que incidir sobre os perigos do *sexting* e facelo desde dispositivos móbiles, concienciando tanto a mocidade coma as persoas adultas dos riscos que ten difundir determinadas fotografías ou vídeos a través de Internet.

Non só hai que pór o foco na mocidade senón tamén nos profesionais da educación, facendo unha boa difusión da prevención e da sensibilización. É imprescindible distribuír moitas máis guías entre profesionais e nos institutos. A finalidade destes manuais debe ser proporcionar información sobre a ciberviolencia de xénero e sexual; incluír pautas para promover un uso adecuado da internet; o xeito de actuar ante casos de violencia sexual; e, en xeral, abordar desde a sociedade civil o problema da violencia de xénero en cada unha das súas fases desde tres grandes eixes estratéxicos: ofrecer ferramentas aos profesionais que traballan coa mocidade a través de metodoloxías adaptadas ao novo contexto tecnolóxico; reflexionar cos mozos e mozas europeos sobre a identificación de situacións de conflito para a muller, e a importancia dunha educación igualitaria.

En concordancia co anterior, o CIM de Sarria indica que aos menores de idade hai que ensinalles o adecuado manexo das redes sociais, a súa finalidade, as repercusións que poden ter determinados comportamentos de risco e potenciar o uso responsable e seguro das novas tecnoloxías. Hai que traballar na prevención da violencia sexual en adolescentes e dos comportamentos machistas e sexistas nos novos medios de socialización. Neste campo hai que incluír a actuación dos CIM como medios para chegar aos nenos e nenas.

Eixe 3.2. Mellora da resposta institucional

3.2.1. Formación non regrada

De acordo con Fernando Antonio Vázquez-Portomeñe, profesor de Dereito Penal na Universidade de Santiago de Compostela, non hai que esquecer que o artigo 14 da Convención de Istambul obriga os Estados a mellorar a formación dos profesionais que teñan contacto coas vítimas.

Ademais da inclusión de contidos de igualdade na formación regrada, é importante facer fincapé na formación non regrada como medio para a capacitación dos mozos e das mozas que queiran entrar no mercado laboral, completando o seu currículo.

Polo anterior, é necesario continuar cos programas formativos específicos nos centros de ensino de educación especial do territorio galego, como recolle o Informe sobre a incidencia da violencia de xénero nas mulleres con discapacidade.



A mancomunidade de Santa Águeda indica que algúns dos cursos que realiza o CIM deberían estar máis enfocados á prevención, destinándose, principalmente, ao rango de idade entre os 18 e os 35 anos.

Por outro lado, a xornalista Pilar López Díez indica que é evidente a necesidade de seguir mellorando a formación dos profesionais, para estender a aplicación dos manuais de estilo realizados por expertas en comunicación. A especialización é básica para poder realizar un traballo que, aínda condicionado por rutinas e situacións laborais, rompa os estereotipos.

A representante da Asociación ALIAD ULTREIA, Ana Barba Núñez, destaca que se debe dedicar tempo e dispor de medios económicos para facer xornadas de formación e acadar unha sensibilización social, isto é, que a xente saiba que, aínda que non están encadeadas, non poden saír desta situación cando elas (víctimas de trata e explotación sexual) queren (motivos económicos, papeis, ameazas cos seus fillos...). Esta asociación entende como imperativo fomentar a formación dos axentes sanitarios e servizos sociais en materia de detección e intervención de mulleres en situación de trata.

Neste sentido, a representante da Asociación APAIOGA sinala que hai una deficiencia en formación en materia LGBTI+ e tamén en materia de violencia de xénero do persoal dos CIM. Non poden ser alleos e precisan de axuda e asesoramento en todas as materias e seguir formando o persoal do CIM, en diversos ámbitos, para que cheguen dunha maneira máis doada ao perfil da usuaria.

No informe do CIM de Culleredo propónse a realización de actividades que favorezan a consecución do principio de igualdade de oportunidades para as mulleres, informando sobre os recursos dispoñibles encamiñados á consecución desa igualdade.

Rosendo Bugarín, representante do Consello Galego de Colexios Médicos, afirma que, a pesar da formación continuada na sospeita a través de determinados síntomas en sanidade, así coma na actuación, unha vez diagnosticado o episodio de violencia, debe darse máis formación en habilidades de comunicación coa paciente, xa que aquí si hai unha gran carencia e é tan importante como o tratamento médico do episodio de violencia.

En cada quenda de traballo ten que haber un policía formado en violencia de xénero, civil, nacional e local, os tres; e se hai catro corpos nos catro corpos. Cada vez que vaia unha muller aos cuarteis ten que haber unha persoa especializada, sinálase desde Ve-la Luz. Hai que fomentar a formación dos profesionais da sanidade e dos corpos de seguridade e doutros actores implicados como as traballadoras e traballadores sociais, os avogados e as avogadas, os forenses e os psicólogos, que teñen que ter unha formación continua nesta materia e actualizarse cada certo tempo no seu tratamento, opinan desde a ONG Ecos do Sur.



De acordo coas representantes de Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor de Ferrol, hai que formar a policía en cursos de sensibilización e cursos específicos en canto á trata.

Relacionado co anterior, a directora da Casa de Acolida de Ferrol sinala que a lei orgánica establece a necesidade de formación directa dos profesionais dos xulgados, xuíces ou fiscais, os que reciben ás mulleres nos xulgados; formar a toda esa xente debería ser obrigatorio. É vital formar as persoas que están en contacto coas vítimas, incluídos a policía e os xuíces. Tamén cos refuxiados que traballan coa poboación migrante para evitar que se produzan situacións de tráfico de mulleres con fins de explotación sexual nos campos de refuxiados.

Margarita Corral, representante da CIG, subliña a importancia de aumentar a concienciación e formación específica en materia de igualdade e contra a violencia de todos os operadores, de todos e de todas as profesionais e do persoal que atende as vítimas, xa que a ausencia de formación e sensibilización dos profesionais implicados na atención a mulleres vítimas de violencia de xénero segue a supor un déficit na atención e na intervención con implicacións directas na vida das mulleres. Detectamos, desde o recurso, como seguen a ser mal informadas desde as unidades policiais, como en moitas ocasións as derivacións se realizan atendendo só a criterios de ausencia de recursos no lugar de atender ao risco real derivado da violencia.

En relación cos parágrafos precedentes, a Memoria sobre violencia de xénero e trata da Policía Nacional reflicte que a propia complexidade e variedade do fenómeno da trata impide que poida haber unha fórmula única e definida para determinar cando unha persoa é vítima de trata, pero existen certos comportamentos ou situacións que, en maior ou menor medida, son comúns e permiten que, a través de certos indicios, se poia detectar unha situación de trata. No labor desenvolvido polo Corpo Nacional de Policía en materia de loita contra a trata de seres humanos, será necesario coñecer eses indicios.

É precisa a formación acaída para atender as vítimas nos primeiros momentos e tomar as medidas preventivas adecuadas de protección e amparo da vítima. Tamén é necesario para realizar as valoracións iniciais de risco, á vez que reciben a denuncia, para adoptar xa desde o primeiro momento as medidas adecuadas de protección da vítima, xa que cando unha muller maltratada solicita que non se comunique o feito á autoridade xudicial, ao profesional preséntaselle un dilema ético: se respectar a decisión da paciente ou informar as autoridades. E aquí debería haber máis formación e implicación por parte dos diferentes axentes implicados.

3.2.2. Conciliación e corresponsabilidade

Marta Irene Lois González, profesora da Universidade de Santiago de Compostela, pon o foco sobre a necesidade de adoptar medidas e recursos de conciliación nas políticas públicas de xénero. O Eurobarómetro segue asignando como



responsables naturais do coidado e das responsabilidades da corresponsabilidade do coidado e do traballo doméstico ás mulleres, case a unha metade da poboación europea.

En relación con isto, desde o CIM de Sanxenxo enténdese que hai que favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar, proporcionando un reforzo ás familias e, por suposto, garantir e dar facilidades ás familias de calquera municipio para acceder ao apoio e aos recursos necesarios para previr situacións de risco social e desestruturación familiar. Tamén, desde o CIM de Boqueixón faise fincapé na importancia de favorecer a conciliación familiar. De acordo con isto, debería haber unha colaboración dos concellos coas asociacións, ou ambas entidades por separado, promover actividades para os nenos, de carácter educativo e lúdico, e así poder conciliar as mulleres e os homes a vida laboral e familiar, igual que organizar actividades lúdicas para os/as máis cativos/as, para conciliar en tempos de vacacións a vida laboral e familiar, para menores de 12 anos, afirman desde o CIM de Ourense.

A directora da Casa de Acollida da Coruña, Gloria Sánchez Pérez, subliña que hai que manter a priorización das mulleres residentes na Rede de acollida nos servizos municipais de conciliación familiar debido á súa situación. Tamén desde o CIM de Sanxenxo se destaca que, debido ao crecente número de familias monoparentais, habería que apoiar as que se encontren en dificultade para cumprir coas súas funcións parentais.

En concordancia co anterior, desde o CIM de Ortigueira obsérvase importante dar alternativas ás familias para que teñan a posibilidade de desenvolver a súa vida laboral conciliando ao mesmo tempo que a vida familiar. O CIM teno dentro da súa programación como un recurso importante. Tamén, asegurar as medidas necesarias para que a conciliación da vida persoal, familiar e laboral sexa unha realidade para todas as persoas.

É fundamental o dereito á asistencia integral dos e das menores, que en ocasións non se pode facer efectivo. Por exemplo, non existen permisos para acompañar os fillos e fillas a unha atención psicolóxica, expón Mónica M^a Rodríguez Ponte desde a UXT.

En definitiva, é oportuno pór todos os recursos de conciliación e corresponsabilidade axeitados ás necesidades sociais e dar facilidades para obtelos, segundo confirman os informes do CIM de Viana do bolo, Sanxenxo, Santa Comba, Negreira e Val do Dubra.

3.2.3. Sanidade

No eido da sanidade, algúns comparecentes resaltaron como fundamental posibilitar a valoración das consecuencias psicolóxicas que se producen mesmo unha vez finalizados os malos tratos, xa que é tan importante durante pero tamén despois para poder facilitar a reconstrución da súa vida diaria ás mulleres que sufriron este mal.



En concordancia co anterior, a directora do Centro de Emerxencias para Mulleres Víctimas da Violencia de Xénero entende que é fundamental traballar a autoestima das superviventes, que non se vexan a si mesmas como vítimas de violencia de xénero. É complicado que queiran visibilizar os seus casos, especialmente cando non se senten fortes para afrontar a culpabilización que moi boa parte da sociedade lles atribúe. E cómpre impulsar coas comunidades autónomas a atención psicolóxica de vítimas e menores.

Rosendo Bugarín, representante do Consello Galego de Colexios Médicos, indica que hai que potenciar a implantación de protocolos complementarios, específicos de cada centro sanitario, e non que se faga polos propios profesionais que as atenden. Desta maneira poderíase mellorar a porcentaxe de detección de casos. A incorporación do novo modelo de impreso así como a formación para a súa tramitación ten que chegar tamén ás urxencias e non só quedar nos centros de saúde.

3.2.4. Ámbito laboral e emprego

Segundo a representante da Asociación APAIOGA, Mercedes Renda Melón, é necesario incorporar axentes de igualdade nas asociacións empresariais e nos sindicatos para levar a cabo negociacións e seguimentos nos plans de igualdade nas empresas.

María Ángeles García Pérez, avogada especialista en violencia de xénero, manifesta que nas empresas de menos de 30 traballadores os plans de igualdade voluntarios poderán ser substituídos por informes de auditoría sociolaboral de xénero adaptados ás características e tamaño destas empresas. Para o cumprimento destas accións voluntarias será suficiente con incluír a información da empresa e sobre un mínimo de 25 indicadores de xénero en materia de selección, promoción e contratación, retribucións, prevención do acoso e a violencia de xénero e medidas de conciliación.

Esta avogada especialista en violencia de xénero propón a creación dunha comisión especializada en materia de igualdade, a nivel nacional e dependente da Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos, con competencia para a análise de convenios colectivos de todos os ámbitos, para os efectos de evitar situacións de discriminación directa ou indirecta por razón de sexo ou xénero que vulneren a previsión do art. 4 da Directiva 2006/54.

Hai que facer efectivo o dereito á mobilidade xeográfica ou ao cambio de centro de traballo, adaptándoo á situación de Galicia, e garantir que a igual traballo corresponde igual salario, subliña a representante da UXT. Tamén, desde este sindicato, propónse profundar e traballar na sensibilización, información e formación de todos os traballadores e traballadoras en xeral e en representación legal, en particular en materia de acoso sexual e por razón de sexo no ámbito laboral, dotando de ferramentas e de medidas para que a través da negociación colectiva se poidan superar todos os déficits detectados.



CC.OO, pola súa banda, pon de manifesto a importancia de desenvolver formación e sensibilización en materia de igualdade e contra da violencia de xénero desde as organizacións sindicais e empresariais para garantir e mellorar os dereitos laborais e de seguridade social legalmente establecidos, e os plans de igualdade.

Finalmente, é preciso sinalar, tal e como o fixo a secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella, o traballo que se está a levar para que o artigo 23 da lei vincule a obtención dunha orde de protección ao recoñecemento da condicións de vítima, e con iso os seus dereitos laborais e prestacións, e fomentar a creación de redes de apoio entre as mulleres beneficiarias do programa, especialmente as residentes nas zonas do rural.

3.2.5. Coordinación e traballo en rede

De acordo co Consello de Contas, hai que potenciar as medidas tendentes a promover a igualdade entre homes e mulleres, incorporando a perspectiva de xénero nas actuacións da Administración autonómica. É necesario promover a igualdade en todos os ámbitos, así como as medidas que axuden a combater a discriminación por razóns de sexo, contribuíndo a unha efectiva igualdade de oportunidades.

Desde a Federación Galega de Mulleres Rurais propónse aumentar progresivamente a achega económica que reciben os servizos sociais dos concellos para poder atender o maior número de casos posibles e, pola súa vez, poder dar unha atención de maior calidade.

O director da ONG Ecos do Sur, Carlos Villar Arévalo, observa que, unha vez que estas mulleres están apoderadas, é necesario dotalas de autonomía, aínda que hai un convenio da Secretaría Xeral con 12 ONG para o tratamento e detección destas vítimas de trata.

En relación cos menores, desde a Secretaría Xeral de Igualdade sinalase que hai que traballar coas forzas e corpos de seguridade do Estado. Tamén hai que facelo, segundo APRAMP, coa Fiscalía de estranxeiría e coa Fiscalía de menores da comunidade de cada distrito e isto ten que traballarse en rede, polo que hai que levar a cabo a creación de recursos especializados para os menores, como pisos ou protección especializada, así como mellorar as relacións e a coordinación entre os distintos axentes implicados na detección e protección das vítimas, fundamental para a mellora dos accesos a recursos de tipo social.

Existe unha necesidade de institucións coordinadas e unha figura do profesional de referencia, enténdese desde o Centro de Recuperación Integral para Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero, para unha mellor coordinación entre todos os axentes implicados. En concordancia con isto, Patsilí Elisa Toledo Vázquez engade que deben crearse modelos de intervención nos que se xunten profesionais de todos os ámbitos involucrados (xudicial, sociais, da saúde, da educación...). É fundamental a coordinación entre todos os operadores que interveñen no proceso, desde a atención e asesoramento previo ata o último recurso asistencial



ás vítimas, que será clave para evitar a vitimización secundaria das propias mulleres, polo que hai que levar a cabo un seguimento das vítimas unha vez que abandonan o centro, para coñecer o seu grao de integración e desenvolvemento persoal, tal e como relatou Elena Molanes Piñeiro, directora do CEMVI de Vigo.

Hai que incidir, de acordo coa Casa de Acollida de Ferrol, nunha mellora do protocolo de coordinación das casas de acollida cos xulgados, como facilitadores de información vital sobre a situación real destas mulleres e menores, e especialmente en casos de violencia psicolóxica. Tamén hai que poñer o foco, segundo o criterio do Consello de Contas, nas actividades de promoción da igualdade a través da colaboración entre todas as administracións e os diferentes axentes sociais, con especial fincapé na promoción do emprego das mulleres, así como da información en todos os eidos. Os servizos públicos deberían coordinarse para atender mellor as vítimas, pois se as administracións públicas e os organismos dedicados á violencia de xénero xuntasen esforzos e recursos, estes resultarían máis eficaces, indica a Dirección Xeral de Xuventude.

Sen dúbida, como se desprende do Informe sobre estatísticas de violencia do IGE, hai que mellorar a coordinación institucional entre organismos centrais e autonómicos para conseguir uns sistemas estatísticos máis integrados, complementados cos obtidos mediante enquisas capaces de avaliar a poboación en risco e de proporcionar a información que precisen as comunidades autónomas e poder ter, así, programas de actuación para poder evitar certas situacións coas medidas oportunas.

Desde logo, hai que unificar criterios de actuación entre a Secretaría de Estado de Seguridade, a Dirección Xeral da Policía e o Corpo Nacional de Policía para mellorar a coordinación a nivel institucional e para rendibilizar os programas e actuacións desenvolvidos no campo preventivo, como se indica na Memoria sobre violencia de xénero e trata da Policía Nacional.

Nesta mesma memoria obsérvase oportuno articular unha estratexia policial con outros departamentos da Administración e organizacións non gobernamentais, para investigar e mellorar os procedementos de actuación e de coordinación na trata de persoas.

Xa non só hai que crear unha rede entre todas as administracións de todos os niveis senón que tamén é imprescindible a relación con outras entidades doutros ámbitos fóra da Administración pública.

A coordinación entre institucións é de vital importancia para sacar adiante propostas que permitan o traballo preventivo e educativo e a colaboración entre entidades, entende o CIM de Ares.

En relación co anterior, desde o CIM de Lalín indícase que hai que facilitar o encontro de profesionais dos diferentes ámbitos de intervención relacionados coa igualdade de oportunidades, favorecendo o intercambio de experiencias e o apoio mutuo.



O CIM de Muros propón que se teña en conta a importancia de xuntarse concellos máis pequenos, para traballar no mesmo sentido e poder chegar a máis usuarios/as de forma directa. Tamén hai que establecer convenios de colaboración con outras entidades coma a Cruz Vermella ou asociacións para traballar en equipo e con coordinación contra a violencia de xénero e, sobre todo, é importante manter unha relación estreita coa Policía Local e a Garda Civil, así como co departamento de Servizos Sociais, para manter, entre todos, unha boa coordinación, obsérvase desde os CIM de Maceda e de Coirós.

En relación co anterior, o CIM de Santiago de Compostela subliña que se deben establecer protocolos destinados a coordinar e optimizar as actuacións en materia de violencia de xénero, con reunións interdisciplinares entre todos os profesionais que forman parte da rede CIM cunha frecuencia de varias veces ao ano, do persoal do CIM, co persoal do departamento de orientación dos centros educativos, coa finalidade de programar actividades de prevención da violencia de xénero en adolescentes, así como identificar micromachismos e desigualdades, entende o CIM de Boqueixón.

Eixe 3.3. Perfeccionamento da asistencia, axuda e protección

3.3.1. Sectores vulnerables

Certos colectivos teñen, pola súa condición biolóxica, psicolóxica ou social, unha maior dificultade para coñecer os recursos, acceder a eles e, incluso, poder desfrutalos de xeito acorde coas súas necesidades. Para paliar esta situación, informes e expertos achegan unha serie de medidas que buscan loitar contra esta deficiencia.

En primeiro lugar, é fundamental informar as mulleres que sofren discapacidade acerca da súa saúde reprodutiva e dos seus dereitos sexuais. A responsable do CERMI entende que, en canto á violencia de xénero, as mulleres con discapacidade están moi invisibilizadas e hai que traballar con elas para lograr o seu apoderamento. Con este fin, é recomendable a elaboración dunha guía que recolla os indicios necesarios para recoñecer casos de violencia de xénero a mulleres con discapacidade; programas específicos de saúde mental para mulleres inmigrantes e refuxiadas; e revisar a lexislación sanitaria de saúde sexual e reprodutiva e estranxeiría desde unha óptica de dereitos humanos e xénero. Como se recolle no Informe sobre a incidencia da violencia de xénero nas mulleres con discapacidade, é indispensable dar continuidade ao Servizo Dedaleira de atención e promoción da autonomía afectivo-sexual para persoas con discapacidade e á Unidade Querelar de detección e identificación de situacións contra a liberdade e indemnidade sexual e acompañamento.

É exhortativo, sinalase desde o CERMI, reforzar a accesibilidades dos recursos non só a nivel físico, barreiras arquitectónicas; senón a nivel de comunicación (intérprete de linguaxe de signos), acompañamento e apoio en todo o proceso,



fomentando a asistencia persoal, un recurso moi importante para a autonomía das persoas en función da súa dependencia.

As mulleres con discapacidade sofren unha dobre discriminación, que, segundo algúns expertos, pode chegar a ser tripla, se temos en conta as desvantaxes das persoas con discapacidade que viven no rural. Por isto, estase a desenvolver o Plan de acción integral para as persoas con discapacidade, que foi consensuado coas principais asociacións, entidades e colectivos que traballan neste eido; e coa Secretaría Xeral de Igualdade, afirmou Elena Molanes Piñeiro, do CEMVI de Vigo.

En segundo lugar, Médicos do Mundo ve importante recoller información sobre a situación epidemiolóxica do VIH-sida, e outras infeccións de transmisión sexual; e o impacto nas mulleres vítimas de trata e explotación sexual. É imperativo, tamén, mellorar a rede de acollemento para mulleres en situación de trata, que é desigual dependendo do lugar, e, na maior parte dos casos, está rexido por entidades do sector terciario, observa a representante de Aliad-Ultreia, Ana Barba Nuñez. Esta asociación propón que se ofrezca, para as mulleres vítimas de trata, un recurso de acollida urxente e un servizo de atención 24 horas.

Para as mulleres en contexto de prostitución e vítimas de trata ou explotación sexual, sinálase, téñense articulado distintas medidas e garantías, pero non se cobre a súa necesidade máis básica, a subsistencia, explican desde Cáritas de Lugo.

Hai que facer leis contra o proxenetismo, as redes de prostitución, a explotación, os traballos forzados, a explotación laboral e a extracción de órganos, co obxectivo, propón APRAMP, de ir contra a demanda e dando unha perspectiva internacional á abordaxe da prostitución e da trata.

É preciso fuxir da imaxe estereotipada da muller prostituída ou da muller vítima de trata. Como entende a representante da Asociación para a prevención reinsertión e atención á muller prostituída, non se pode dicir «trata de brancas», sería «trata de seres humanos». No eido da concienciación, débese promover a creación de charlas dirixidas a adolescentes nas que se aborde a problemática da trata; actividades formativas sobre educación afectivo-sexual, prevención, detección e intervención en situacións de violencia sexual en centros de ensino de educación especial en Galicia; así como o reforzo do papel dos servizos sociais na abordaxe da prostitución e trata.

En terceiro lugar, segundo M^a Ángeles Carmona Vergara, en Galicia ser estranxeira é un factor de vulnerabilidade. Por iso son necesarias máis medidas económicas e de fomento do emprego para as mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero. É imprescindible, de acordo con Ecos do Sur, un plan inmediato e efectivo para diminuír e erradicar esta incidencia da violencia de xénero nas mulleres estranxeiras a través de medidas de sensibilización e educación; así como información adecuada dirixida ás especialidades culturais destas mulleres. Neste sentido, José Julio Fernández, profesor de Dereito Constitucional na Universidade



de Santiago de Compostela, entende que hai que introducir novas ideas, como a previsión de multiculturalidade e a discriminación múltiple interseccional, cando á condición de muller se une a pertenza a un grupo vulnerable; así, a cultura, a relixión, a tradición e o honor non poden xustificar a violencia de xénero.

Ás mulleres estranxeiras débeseles proporcionar a mellor garantía dos seus dereitos, implementando de xeito efectivo o permiso de residencia e tendo en conta as circunstancias persoais da vítima, a súa seguridade, a súa saúde, a súa situación familiar ou o perigo de devolución ao seu país.

Habería que tomar máis medidas específicas para menores estranxeiras vítimas de trata e explotación sexual. Ecos do Sur observa que non hai recursos de aloxamento adecuados e que cada vez se están a dar máis casos de MENAS (menores non acompañadas), tanto romanesas como africanas .

É indispensable concienciar os servizos sociais en todas as comunidades autónomas, e toda a sociedade en xeral, de crear medidas para que estas mulleres saian da situación en que se atopan, e previr nos países de orixe para que non cheguen aquí con esas facilidades.

As ordes de protección nos temas de violencia de xénero deben ser moito máis prioritarias que as sentenzas ou que os xuízos orais; nas casas de acollida cómpre ter en conta a situación biopsicosocial de cada usuaria: saúde mental, adiccións, dependencia e diversidade funcional.

En cuarto lugar, desde a Rede de Mulleres contra os Malos Tratos indícase que debería recollese con todas as garantías o relato do ou da menor, permitindo evitar posteriores comparecencias. Isto pasa por declaracións adaptadas ás características evolutivas do neno ou da nena, a través de videoconferencia, gravacións en formato audiovisual e lugares axeitados para as entrevistas. Tamén a avaliación inicial para determinar a capacidade para declarar ou a necesidade de agardar á recuperación da vítima. Ten que ser obrigatoria a valoración do estado emocional dese neno ou nena.

Tamén se debería propiciar un reforzo dos recursos asistenciais, especialmente para familias con menores de 12 anos, aseveraba desde Ecos do Sur Carlos Villar Arévalo así como que é necesario axilizar os trámites desde a denuncia (no caso de muller estranxeira de maior desprotección) ata a declaración de vítima de violencia de xénero.

Amósase relevante dar maior visibilidade, por parte das institucións, aos menores, garantindo o dereito a ser escoitados e a ser tidos en conta. Porque, en ocasións, como entende Mónica Permuy, os dereitos do proxenitor colidan coas necesidades que ten o menor atendido. No actual marco legal o que se ten en conta, a grandes trazos, é o dereito do pai a ver o seu fillo, non o dereito do menor a decidir se quere ver ou non ao seu pai. De acordo con isto, Luisa Sotelo Ávila observa que cabe a revisión cautelosa das retiradas da patria potestade nas



medidas provisionais, xa que agrava a situación na que quedan as mulleres que teñen que compartir as custodias cos maltratadores.

En definitiva, pídese que, na protección á infancia, non se tomen medidas xeneralistas, senón que se teña en conta o desexo e a opinión do menor segundo a súa idade.

En relación co anterior, conviría establecer un programa específico de detección e atención á violencia de xénero no embarazo, considerándose, esta, unha materia pendente, dada a porcentaxe de correlación entre as mulleres embarazadas e as mulleres maltratadas, segundo Sergio Quinteiros Domínguez, presidente do Colexio Galego de Enfermería.

En quinto lugar, o Consello de Contas entende necesario o deseño de programas de atención especializada dirixidos a determinadas colectivos de mulleres, así como actuacións encamiñadas ao fomento da participación e ao asociacionismo LGTBI; sería necesaria formación para a atención ao colectivo LGTBI e sobre lexislación para a atención a menores. O CIM de Sarria advirte da importancia de ter unha oferta cultural e formativa que busca promover o coñecemento, a tolerancia e o respecto polo colectivo LGTBI; reivindicar os dereitos do colectivo LGTBI, e instar o resto da sociedade a que practique a tolerancia e a igualdade con este colectivo. En relación con isto, APAIOGA entende que hai que tratar a complexidade das problemáticas sobre a identidade sexual e, principalmente, sobre menores transexuais. Teñen que ser abordadas con gran capacidade, profesionalidade e en coordinación coas asociacións e colectivos LGBTI de Galicia.

Neste sentido, o CIM da Guarda indica que é importante incidir en accións encamiñadas á concienciación, e a dar a coñecer a realidade do colectivo transexual, amplamente descoñecido; así como a visibilización, a sensibilización e a naturalización do colectivo trans, promovendo a igualdade de oportunidades, o respecto á diversidade e o dereito a ser diferente, senténciase desde o CIM de Lalín.

Hai que crear recursos integrais específicos para mulleres usuarias de drogas con cargas familiares. Aínda que os puntos de encontro están abertos un mínimo de catro días á semana e sempre sábados e domingos, deberían reforzarse nestes dous días e dotalos de máis recursos xa que é cando hai unha maior densidade de poboación usándoos.

O CIM de Xinzo da Limia entende que se debe levar a cabo un plan integrador no que converxan diferentes áreas de actuación no eido da muller, priorizando aqueles sectores onde a muller estea máis desprotexida, é dicir, muller inmigrante, xitana, rural, muller desempregada, viúva ou maltratada. Tamén é fundamental o traballo psicolóxico cos/coas menores. De acordo co CIM de Cangas, é importante ir valorando os recursos de acollida a empregar para mulleres vítimas nunha situación de dependencia por substancias, discapacidade ou patoloxía mental. Estes recursos tamén poderían ser coordinados desde o CRI.



3.3.2. Medidas no ámbito sanitario e psicolóxico

Tendo unha gran ferramenta como é a historia clínica electrónica, no artigo 16 do Decreto 29/2009 deberíase crear un módulo que permita custodiar de forma especial os antecedentes de ter sufrido violencia de xénero, algo que ata agora non se fai, e tamén ampliar os recursos sanitarios, xa que sería un punto moi importante para identificar a estas vítimas de trata, porque moitas delas, pola situación en que se ven obrigadas a traballar, acoden moitas veces aos centros sanitarios, subliñou Teresa Burguete Zapata, das Hermanas Oblatas.

Ignacio Picatoste, maxistrado da Audiencia Provincial da Coruña, relatou que hai que pór o foco nos programas de reeducación dos maltratadores, posto que se dan niveis moi altos de reincidencia; apostar pola obrigatoriedade de someter o condenado ao tratamento ou terapia, co obxecto de evitar as condutas violentas; aproveitar os recursos das diferentes administracións para medidas de reeducación contra a violencia machista en casos de menor entidade que os asasinatos, de maneira que a política reeducadora non só sexa a do cumprimento da pena en casos extremos.

Cómpre tamén informatizar os informes para que todos elaboren o mesmo informe cos mesmos puntos, e despois poder extraer datos. E a achega de documentación tamén co Sergas, a través do sistema telemático e que así, de forma inmediata, eses informes entren no xulgado e poder pór en marcha a maquinaria xudicial. Así o amosou Fernando Vázquez Portomeñe, profesor de Dereito Penal na Universidade de Santiago de Compostela.

Rosa Álvarez Prada, presidenta do Colexio Oficial de Psicoloxía, indica que a atención psicolóxica debería estar en atención primaria e estar garantida na rede pública, e debería ser desde o propio programa onde se comece a valorar a situación, pois a axuda psicolóxica especializada inmediata non pode estar vinculada a ningunha medida xudicial.

Segundo Vázquez Portomeñe, os partes de lesións non necesariamente teñen unha denuncia aparellada. A obriga do profesional sanitario é a de facer ese parte de lesións, e dar conta á fiscalía de que existe esta posibilidade de delito, pero a denuncia xa non é unha obriga. Simplemente se informa de que hai posibilidade de delito. O documento de lesións non deixa de ser un documento sanitario. O que si é importantísimo e que recolla toda a información para que quede constancia no xulgado de que esa muller sufriu unha lesión, independentemente de que ela non presente unha denuncia. Esta obriga dos sanitarios, canto mellor estea formalizada, mellor contribuirá á protección da muller.

É moi necesario dotar a atención primaria e non a derivación hospitalaria, porque é onde, loxicamente, se ten máis acceso ás vítimas e onde é máis importante a prevención que non a asistencia, e deseñar unha abordaxe psicosocial da situación de violencia. O plan ten que considerar e viabilizar todo o referente a diagnósticos,



resultados e intervencións, risco de suicidio, desesperanza, dor crónica, risco de lesión, deterioración da integridade cutánea, síndrome postraumática, interrupción dos procesos familiares, deterioración do patrón do soño, temor, baixa estima, ansiedade, illamento social, conflito decisonal, disfunción sexual, fatiga, negación, etc., afirmou Sergio Quinteiros Domínguez, presidente do Colexio Galego de Enfermería, que tamén suxire incorporar ao Observatorio Galego para a Violencia de Xénero representantes da profesión de enfermaría.

E, por último, a falta de obrigatoriedade tamén é un dato importante, e as carencias na coordinación multidisciplinar tamén impiden que desde o ámbito sanitario se interveña máis eficazmente na detección de casos e na atención integral na saúde das mulleres.

3.3.3. Medidas no ámbito xudicial

Ana Barba Nuñez, de Ultraia, relatou que as inspeccións que se fan nos clubs seguen tendo un carácter moi baseado na Lei de estranxeiría, non tanto en detección de indicios. Isto provoca medo, por parte das vítimas, a seren expulsadas do país.

De acordo con Ecos do Sur, deberíase sancionar os clubs de estrada que figuran como hoteis sen o seren, e ademais habería que facerlles máis inspeccións de traballo, non agardar a que haxa denuncias ou vítimas, sentencian desde Ultraia.

É necesario corrixir os colapsos dos xulgados, sublíñase desde Faraxa. Tamén é importante modificar o artigo 21, que regula a asistencia letrada ás vítimas, garantindo desde o primeiro momento, para todas as actuacións e comparecencias en sede xudicial, o dereito fundamental á tutela xudicial efectiva das vítimas de violencia de xénero e para facer efectiva a aplicación da normativa en materia de asistencia xurídica gratuíta. A secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella, entende que deberá prestarse preceptivamente antes de interpor a denuncia, salvo que a vítima renuncie de forma expresa a ela.

En relación co anterior, é importante incorporar paulatinamente un maior número de letrados e letradas ás quendas de oficio, realmente especializados, mellorando a súa formación en materia de violencia de xénero.

Hai que mellorar a reparación do dano, é dicir, todo o compendio de axudas e medidas que se lles dan a estas mulleres, suxire Luisa Soleto Ávila. As vítimas teñen que ser iguais ante a lei e a súa interpretación; a fiscal Rosalina Carrera sinala que non poden ter tanta variación dependendo do lugar, como ás veces pasa.

Dende UXT sostense que as accións penais contra as agresións, tanto físicas como psicolóxicas, as ameazas, ao coso ou outros comportamentos machistas, teñen que ter sancións máis elevadas.



Ignacio Picatoste subliña que habería que buscar un marco menos hostil para os xulgados de violencia, e que se necesita un marco de confianza, de tranquilidade, de serenidade, e unha marxe temporal, que é imprescindible.

O xuíz debería ter unha referencia do ámbito administrativo, social, sanitario, educativo ao cal dirixirse, é dicir, aínda que este asunto non teña desenvolvemento penal. Hai que facer un seguimento a través da asistencia social ou a través de calquera outro órgano para evitar que ese problema se incremente ou se arraigue, observa Ignacio Picatoste, maxistrado. Este maxistrado propón, tamén, a creación de servizos integrais de apoio ao xuíz. Os órganos xudiciais requiren, ben integrados neles ou ben por convenios de colaboración con profesionais ou outros organismos administrativos oficiais e públicos, ese acceso de formación.

Ignacio Picatoste suxire, finalmente, que se debería dar un contacto inmediato coas forzas policiais, formar o que sería un equipo de investigación que puidese depender do xuíz, ben incardinado directamente ou ben fóra.

É imperativo revisar os procedementos que se están a utilizar, xa que algún é inadecuado na instrución de delitos. Por exemplo, o artigo 416 da Lei de axuizamento criminal, xa que no ámbito da violencia de xénero permite non declarar contra un parente próximo, indica Luisa Soletto Ávila.

Esta mesma avogada especialista en violencia de xénero entende que debería categorizarse mellor a vítima de delitos de violencia sexual e a vítima de violencia de xénero, xa que desta forma ocúltase calquera necesidade de carácter especial e é imperiosa a necesidade de proporcionar unha resposta penal distinta e máis grave en casos de morte de mulleres como consecuencia de violencia.

De acordo con Fernando Vázquez Portomeñe, hai que buscar outras respostas, xa que nos casos de homicidio non se recolle o elemento adicional, que é a discriminación, a subordinación e o abuso de poder, que sería un plus de inxusto, un plus de antixudicial.

A alternativa á tipificación, como solución técnica, sería a utilización do agravante de xénero, que é horizontal, transversal e que se proxecta a todas as mulleres e ás persoas transxénero, transexuais ou intersexuais.

É necesario adoptar medidas que deixen á marxe os prexuízos que existen e que poidan traducirse nunha aplicación distorsionada. Isto pode producir efectos contrarios aos desexados, remata Fernando Vázquez Portomeñe.

A secretaria xeral de Igualdade propón a modificación do artigo 20 da Lei orgánica de 2004, de xeito que haxa unha representación procesual da vítima polo seu avogado ou avogada, para exercer a acusación particular desde o inicio do procedemento.

Deberían contabilizarse todas as denuncias presentadas e non só aquelas en que se ditan medidas cautelares pois, segundo o Informe sobre estatísticas de



violencia do IGE, cando se publican semellan poucas, pero non o son, e ademais axudaría a que máis mulleres as interpuxesen. Tamén, é preciso sensibilizar e seguir formando os integrantes dos sistemas da xustiza penal, así como darlle unha volta ao Código penal.

A violencia simbólica é un tipo de agresión que non ten especificidade na normativa, tanto estatal como autonómica, e cumpriría algunha medida encamiñada a identificar e paliar este feito, que, dalgunha maneira, contribúe a formar parte do caldo de cultivo da violencia de xénero.

De acordo con Mónica Rodríguez, da UXT, hai que impor sancións máis elevadas para que os maltratadores se atopen cunha resposta contundente (non só nas agresións físicas, senón tamén nas psicolóxicas e o acoso), tanto na lexislación como na xustiza.

As denuncias contra os casos de violencia sexual son moi escasas, é unha violencia que está moi invisibilizada. A dificultade de probala, tanto vía xudicial e penal como laboral, fai que estas mulleres non conten coa seguridade necesaria para facer valer os seus dereitos na vía xurisdiccional.

Tamén, desde a UXT, propónse regular a figura do mediador intercultural, e que teña unha formación, como mínimo, media, e sería moito máis efectiva se esa persoa xa pasou por un proceso migratorio, e no caso da trata, as mediadoras de pares, é dicir, ex-vítimas ou ex-prostitutas que saíron diso, indicaron desde Ecos do Sur.

En violencia de xénero non cabe a mediación. Esa figura de mediadoras é necesaria en calquera proxecto que se leve ou en calquera ONG no traballo contra a prostitución. segundo APRAMP.

Cómpre dispor dun teléfono para a coordinación entre os axentes que interveñen na asistencia, na rede galega de acollemento (casas de acollida, CRI, traballadoras sociais...) para mellorar a coordinación.

A mediación é un perfecto instrumento de resolución de conflitos, cos familiares e co ámbito da vítima, para retomar as relacións familiares, pero nunca cos agresores. Por iso precisamos ter unha lei de mediación, segunda indica Ignacio Picatoste, maxistrado.

3.3.4. Outras medidas de apoio, protección e seguridade

Hai que crear máis medidas que reforcen e que garantan de forma eficaz a protección das mulleres vítimas de violencia de xénero e a prevención. Desenvolver máis recursos de detección de casos para evitar que porcentaxes como o 82 % das mulleres acollidas no centro da Coruña manifestaran que convivían co agresor, e que no 90 % dos casos as agresións eran habituais e non puntuais. Son cuestións que destacan a representantes de Ve-la Luz e Ulteira.

É preciso, entende o CIM da Estrada, o adestramento en defensa persoal para mulleres, tanto físico como psíquico, así como crear protocolos de actuación de



cara a diversas situacións, e instrumentos de formación e aplicación física que comprenden un conxunto de coñecementos, actitudes, habilidades e técnicas corporais, que lles van permitir prever, avaliar, saber que facer e, en consecuencia, actuar ante situacións de ameaza, conflito ou agresión, cunha oferta continua para poder prever posibles situacións de violencia machista.

Hai que establecer plans concretos de seguridade, dada a importancia da protección da identidade, subliña Cáritas Ourense. É importante o feito de que se poida preconstituír a proba, é dicir, tratando de non revitimizar a vítima. Tómase testemuño unha vez diante de todas as partes implicadas no proceso, e ese testemuño tense en conta durante todo o proceso, e preconstitúese como proba.

A intención co acercamento é abrir unha porta e dar luz, ofrecer unha información básica sobre recursos sociais e sanitarios para esas mulleres: unha toma de contacto e información de recursos básicos, recursos sociais, etc. con Cáritas Diocesana de Lugo, informaron Cristina García Gallego e Mónica Yáñez Devesa.

Hai que insistir, indicase desde FARAXA, en que, aínda que se retiren esas denuncias, que a muller non queira denunciar, que non queira seguir adiante, a fiscalía faga un seguimento desas denuncias de trata e explotación sexual. É preciso, de acordo coa representante da Fundación AMARANTA, promover o desenvolvemento de sistemas de protección para as vítimas de trata, ben desenvolvidos e onde se inclúan prestacións e catálogos de servizos, do mesmo xeito que calquera outra vítima de violencia de xénero.

Dende o Centro de Coordinación de Protección indican que debe recuperarse a práctica de pórse en contacto coas vítimas para derivalas aos recursos asistenciais adecuados, en función das súas particulares necesidades.

Segundo o Informe sobre estatísticas de violencia do IGE, a maiores do sistema de seguimento integral nos casos de violencia de xénero (Sistema VioXén), dependente do Ministerio do Interior, cada comunidade debería proporcionar á vítima un plan de seguridade personalizado, con medidas de autoprotección. Tamén hai que mellorar a eficacia na protección da muller vítima de malos tratos e a resposta asistencial e preventiva mediante a asignación persoal de potenciais vítimas a cada policía. Hai un aumento no quebrantamento de ordes de afastamento.

3.3.5. Medidas no ámbito da formación e o emprego

Proporcionar información dos recursos existentes ao alcance das mulleres para facer unha procura de emprego máis efectiva, formación relacionada coa mellora da empregabilidade, o autoemprego e a economía social (Concello de Ames).

As axudas as que ás veces teñen acceso, como son a Risga ou a RAI, tardan moito en tramitarse, o que as fai máis vulnerables. Polo tanto, segundo a representante de ULTREIA, habería que acurtar os prazos de tramitación e concesión destas axudas. Tamén hai que ampliar as políticas para garantir a inserción e



permanencia laboral das mulleres vítimas da violencia, xa que son insuficientes. De acordo con Carmen Sabio, hai que garantir legalmente a percepción dunha prestación por incapacidade temporal derivada da violencia de xénero co 100 % da base reguladora da Seguridade Social, co obxectivo de eliminar as penalizacións económicas das mulleres que traballan sen convenio colectivo ou cuxos convenios non recollen o complemento desta prestación ata o cen por cento durante a baixa, indícase desde a UXT.

É necesario crear un plan de formación e inserción laboral das mulleres en situación de prostitución e trata para unha mellor integración no mundo laboral e para que non se sintan discriminadas, baixo a perspectiva de Marta Lois.

Hai que revisar o modelo de emprendemento coma unha perspectiva de xénero, para dar cabida á igualdade real e efectiva de oportunidades.

Seguindo os criterios do informe de CEMVI, hai que protexer as vítimas con contratos de traballo previos ao seu ingreso nun centro de emerxencia, para que, por esta situación especial de acollemento, non arrisquen conservar o seu posto de traballo.

Así mesmo, é preciso continuar priorizando o acceso a accións formativas que melloren a empregabilidade das vítimas, un dos obxectivos máis difíciles de acadar, e contribuír á mellora da empregabilidade das mulleres residentes, considerando o emprego como un factor clave para o desenvolvemento dunha vida autónoma. É fundamental continuar a facer procuras de emprego máis activas con estas mulleres vítimas de violencia de xénero e trata. Nos últimos anos está a medrar o número de mulleres vítimas de violencia que son contratadas, e isto debe seguir nesta liña, pero á vez traballar para que eses contratos sexan de longa duración.

Para loitar contra o desemprego feminino débense mellorar as capacidades de emprendemento e a busca activa de emprego feminino a través do fomento e coñecemento das competencias, formación tecnolóxica e as redes sociais, mediante a posta en marcha e modernización das actividades e capacidades empresarias e persoais, fundamentais hoxe en día para acadar unha mellora profesional, indican desde o CIM de Avión. Neste punto, é preciso dotar de máis recursos os CIM, para facer un asesoramento individualizado e adaptado ás características das persoas que acceden ao programa de inserción laboral. Así o entenden no CIM de Arteixo e no CIM de Marín, e xunto coas oficinas de emprego, incluír plans formativos dirixidos a mulleres en situación de desemprego e vulnerabilidade.

Así mesmo, sublíñase desde o CIM de Culleredo, hai que dotar os/as usuarios/as das competencias clave para garantir o acceso á formación profesional para o emprego con certificación para poder así incrementar as expectativas de emprego.

Por último, a abolición non pode quedar simplemente en multar o cliente, multar o proxeneta, hai que facer algo máis, hai que darlles unha alternativa ás mulleres en



formación ou en traballo, e mellor xa no seu propio lugar de orixe, que é onde debería empezar toda a intervención coa trata. De aí a importancia de crear redes a nivel internacional, indican as representantes de representantes de Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor de Ferrol.

3.3.6. Medidas de carácter económico

Débase propiciar o seguimento do cumprimento do Pacto de Estado, pondo especial atención no cumprimento do acordado a nivel económico.

3.3.7 Organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada fronte á violencia de xénero

A Casa de Acollida de Ferrol propón artellar medidas concretas de apoio ás mulleres no longo prazo. Fan falla medidas de acción máis amplas, pois a solución no eido económico durante os tres primeiros anos, tras a saída da situación de violencia de xénero, fai que se obvien problemáticas de fondo e estruturais.

É imperativo integrar o Sistema VioXén en todos os campos: seguridade, xustiza, asistencia social e hospitalaria, e tamén actualízalo para tramitar as denuncias e a valoración de risco en que se atopa a denunciante, insiste Ángeles Carmona Vergara.

Faise precisa a revisión do protocolo de actuación e da normativa que rexe as casas de acollida. En relación con isto é necesario modificar, de acordo coa Rede de mulleres contra os malos tratos, os horarios dos puntos de encontro e reforzar o persoal as fins de semana.

Débase incorporar, segundo apunta a asociación FIADEIRAS, por un lado, a figura das educadoras sociais nos CIM, casas de acollida e nos centros de recuperación integrais de mulleres vítimas para a mellor dinamización destes recursos, favorecendo unha intervención socioeducativa de acompañamento nos procesos de recuperación da muller e das súas fillas e fillos vítimas de violencia machista. Por outro lado, é imprescindible unha intervención sociocomunitaria para a prevención da violencia de xénero, así como o traballo coas mulleres e coa comunidade en xeral.

Tendo en conta o concepto e natureza dos CIM, o CIM da Coruña sinala que sería recomendable que a psicóloga e a asesora xurídica traballasen de xeito interprofesional con profesionais do traballo social, de orientación e/ou intermediación laboral, de cara a unha mellor intervención integral coas mulleres e os/as nenos/as.

En relacións cos CIM, serían beneficiosas menores tarefas administrativas, xa que para a dirección é moi difícil compatibilizar os seus labores, observa o CIM de Teo.

Outro dos aspectos fundamentais para o sistema de protección e asistencia integral e especializada fronte á violencia de xénero, indica a Casa de Acollida de Culleredo, pasa polo establecemento de axudas especiais que permitan a derivación, dentro dun marco temporal máximo establecido, das unidades de



convivencia a pisos de acollida individualizados. Deste xeito facilitaríase a autonomía persoal da muller como un obxectivo de máxima urxencia. Neste sentido, é necesario afrontar o problema que teñen estas mulleres con escasos ou nulos recursos para afrontar o pago da fianza ao IGVS que lles permita acceder a un piso de protección pública ou vivenda social.

É preciso pór os medios para atallar a carencia dos recursos, non só económicos, senón, sobre todo, en materia de prevención, en materia de asistencia e a nivel de persoal. De acordo con isto, con máis contratacións poderían dedicarse máis horas ás usuarias e a desenvolver uns protocolos desde ámbitos de protección á familia con asistentes sociais e con psicólogos, á marxe dos policiais, buscando descubrir os detonantes da situación de violencia de xénero en cada caso para enriquecer a experiencia e o coñecemento de cara a atallar este mal, expón Fegamur.

Dentro da FEGAMP, o seu presidente, Alfredo García Rodríguez, sostén que é esencial promover algunha actividade coa FEGAMP, xa que reúne os concellos e entidades locais próximas a cidadanía. Deste xeito, outorgaríaselles aos municipios a importancia que teñen na concienciación contra a violencia.

É importante contactar con GREVIO, grupo experto do Consello de Europa do Convenio de Istambul, co fin de coordinar todas as actuacións implementadas de cara ao presente e o futuro, segundo indicou José Julio Fernández Rodríguez, profesor de Dereito Constitucional da Universidade de Santiago de Compostela.

Fernando Vázquez Portomeñe expón que hai que reforzar a coordinación entre os operadores, mellorar o sistema de detección e prevención, investir en elaboración de mapas de risco, achegar recursos, incluíndo económicos, para atender as vítimas, soste programas de rehabilitación de maltratadores, e concienciar os profesionais sanitarios para elaborar partes de lesións e articular a persecución do delito.

A Administración debería promover, de acordo con Mónica Permuy, uns espazos de coordinación para os puntos de encontro e, así, ter máis relacións entre todos para poder compartir e atallar todas as necesidades, as dificultades e as iniciativas que xurdan.

É necesario contar cun protocolo axeitado de seguimento dos casos de violencia de xénero desde os PEF, que inclúa a recepción e lectura do informe de incidencia por parte do xulgado, independentemente de que exista un caso/expediente aberto ou non, e o envío do informe á Fiscalía de Menores. Así mesmo, aumentar e mellorar o acceso aos recursos económicos, materiais, humanos e técnicos para as asociacións que traballan na prevención e atención de violencia machista.

É imperativo colaborar máis a fondo no fomento asociativo, convocando máis subvencións para entidades sen ánimo de lucro e iniciativa social que desenvolven unha serie de actividades, tanto de prevención coma de asistencia ou da erradicación da violencia de xénero. Deste xeito, segundo o CIM da Lama, favoreceríase a creación de tecido asociativo entre as mulleres. É preciso, para tal



fin, dar máis capacidade ás asociacións para incorporarse ao Consello Galego das Mulleres en calquera momento; cooperar no apoderamento e na xestión das axudas ás asociacións, reunións coas asociacións, etc.

Eixe 3.4. Muller rural e mar

A UXT observa que a singularidade do medio rural, onde as mulleres se encontran en situación de maior vulnerabilidade, obriga a pór o foco na implantación de medidas que afecten, directa ou indirectamente, a esta poboación. A marxe de mellora que existe neste ámbito exhorta a proporcionar as ferramentas necesarias para un desenvolvemento produtivo, duradeiro e que cumpra cos criterios da igualdade.

É necesario mellorar a calidade de vida das mulleres do rural e do mar, protexéndoas fronte ás situacións de violencia de xénero. Neste sentido, é fundamental apoiar as mulleres para frear o declive poboacional e socioeconómico que está a sufrir o medio rural, entende Femuro-Fademur. Do mesmo xeito, débese apostar pola dignificación de actividades profesionais como a agricultura e a gandaría, que están devaluadas e abandonadas polo amparo institucional.

Para o apoderamento feminino no rural e no mar deben organizarse talleres, cursos, excursións e actividades grupais que promovan o compañeirismo e a cohesión grupal; propiciando, deste xeito, unha mellora da autoestima, evitando o illamento e aumentando a confianza das mulleres ao integralas en grupos sociais.

É relevante informar no rural e no mar sobre o traballo diario que realizan os centros de información á muller. Debido á dispersión xeográfica de Galicia, é imprescindible propiciar un contacto directo coas asociacións de mulleres rurais para presentes e futuras colaboracións, non só para informar sobre os CIM enón tamén para a intervención das asociacións en proxectos de administracións locais, observa a Mancomunidade CIM Conso-Frieiras.

No campo da sensibilización, é de suma importancia a realización de campañas institucionais que poñan en valor a Lei de titularidade compartida, xa que é unha maneira de potenciar o papel e a participación da muller na vida económica. En relación con isto, habería que recomendar nas oficinas de extensión agraria a inscrición das sociedades como titularidade compartida en lugar de como S.L. ou S.C., insisten desde Fademur-Femuro. Sería recomendable, observan desde o CIM de Muros e de Chantada, a realización de festas conmemorativas, talleres e obradoiros destinados ao colectivo de idade de 51 anos en adiante, o máis abundante no rural e no que a problemática da violencia de xénero se encontra máis oculta.

Hai que ter en conta o papel da muller do rural e do mar na sociedade e no ámbito do traballo, así como a súa contribución aos distintos sectores económicos, familiares e sociais, entenden desde o CIM da Lama.



Para efectos textuais, tanto a Lei orgánica 1/2004 como a Lei 11/2007 de Galicia non fixeron demasiada referencia ás mulleres do medio rural. A Lei 1/2004 en ningún dos seus parágrafos fala de medidas de protección, de detección e non ten en conta a situación de desigualdade das mulleres do rural á hora de facer unha manifestación sobre unha situación de violencia de xénero, sinala Fademur-Femuro.

Por último, a asociación FIADEIRAS indica que é necesario investir maiores esforzos na protección de datos e imaxes das mulleres, garantindo a súa privacidade e evitando, así, situacións extremas que poidan ser prexudiciais para a súa integridade física e emocional.

Eixe 3.5. Feminicidio

Os termos *femicidio* e *feminicidio* non teñen cabida na lei orgánica estatal, como tampouco en Galicia na lei autonómica de violencia, segundo indicou M^a Ángeles Carmona Vergara, presidenta do Observatorio contra a Violencia de xénero.

Debe incluírse o feminicidio en todas as relacións entre homes e mulleres, como asasinato da muller en xeral, para facer así visibles as diferentes violencias que se exercen contra as mulleres. Aínda que é un tema preocupante, hai dúbidas respecto á introdución deste termo na lexislación, concluíu Graciela Atencio, periodista e responsable de *Feminicidio.net*.

Segundo José Julio Fernández Rodríguez, non se debe modificar a Lei galega 11/2017 para introducir o concepto de feminicidio. Incluír o feminicidio como asasinato da muller en xeral, visibilizando deste modo as diferentes violencias que se exercen só contra as mulleres, non tería sentido.

Débese avanzar cara ao recoñecemento de dereitos sen discriminación para todas as persoas sen discriminación. Por este motivo, non cabe apoiar a tipificación dun delito con tanta carga de simbolismo, que se sustentaría nunha categorización biolóxica do suxeito pasivo que sería a muller como tal. De facerse, quedarían fóra do ámbito deste tipo de delito persoas ás que se lles nega o recoñecemento da súa identidade sexual por razóns biolóxicas. Consecuentemente, tipificar o feminicidio excluría a estas persoas, sostén Fernando Vázquez Portomeñe.

4. Conclusións e medidas propostas pola Comisión. Feminicidio

Unha vez analizadas as intervencións das/os expertas/os no eido obxecto de estudo, a Comisión conclúe a necesidade de que na Comunidade Autónoma se poñan en marcha medidas orientadas a cubrir as necesidades presentadas polas relatoras e o relator, que expoñemos en oito grandes áreas:

4.1. Economía e emprego

4.1.1. Promover o incremento orzamentario, dotando a lei tamén dunha maior estabilidade, que permita contrarrestar a falta de ferramentas en materia de coordinación, seguimento e formación por parte das administracións públicas.



- 4.1.2. Ampliación da rede de escolas infantís.
- 4.1.3. Ampliación da rede de centros de atención a persoas maiores.
- 4.1.4. Apoio á conciliación por maternidade ou paternidade das persoas autónomas.
- 4.1.5. Favorecemento da conciliación na formación para o emprego e de inserción sociolaboral.
- 4.1.6. Incluír as boas prácticas para a conciliación na negociación colectiva.
- 4.1.7. Apoio á creación de emprego, o emprego estable e a inserción laboral das mulleres con discapacidade, paradas de longa duración ou/e en risco de exclusión social.
- 4.1.8. Colaboración na creación e consolidación de novas empresas lideradas por mulleres.
- 4.1.9. Incentivar e apoiar a contratación feminina.
- 4.1.10. Fomentar, nas pemes e autónomos con empregadas, a implementación da RSE, a igualdade laboral, familiar e social e a conciliación.
- 4.1.11. Facilitar a cooperación entre as pemes e a Administración.
- 4.1.12. Titorización en proxectos empresariais liderados por mulleres e orientados ao mantemento e promoción da competitividade.
- 4.1.13. Concesión de axudas económicas para promover o uso de permisos e medidas de conciliación que fomenten a corresponsabilidade por parte dos homes.
- 4.1.14. Promoción de medidas, programas e actuacións que favorezan a inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero, así como a garantía dos dereitos laborais e económicos das vítimas con contratos de traballo, para que, por mor dunha relocalización por motivos de seguridade, non arrisquen o mantemento do seu posto de traballo e non vexan minguados os seus ingresos.
- 4.1.15. Fomentar a formación en igualdade, violencia de xénero e acoso sexual no ámbito laboral.

4.2. Medio rural e mar

- 4.2.1. Axudar as empresas no emprendemento e na formación en igualdade no medio rural e do mar.
- 4.2.2. Fortalecer e consolidar o movemento asociativo de mulleres no medio rural.
- 4.2.3. Implantar medidas de conciliación que favorezan a mobilidade do ámbito rural, así como desenvolver programas e recursos de conciliación e amplialo no ámbito rural.



4.2.4. Mellorar a aplicación da Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, mediante a simplificación e facilitación do proceso de inscrición das explotacións agrarias de titularidade compartida, así como mellorar a formación do persoal encargado da atención ao colectivo agrario e dos rexistros habilitados, levar a cabo accións que impulsen o necesario recoñecemento da presenza feminina no mundo agrario que inclúan campañas de difusión da norma e de sensibilización de homes, mulleres e técnicos e aplicar así mesmo os incentivos existentes tras a aprobación da Lei 6/2017, do 24 de outubro, de reformas urxentes do traballo autónomo.

4.2.5. Mapeo dos recursos dos CIM e aumento destes no medio rural.

4.3. Sanidade

4.3.1. Crear un plan de igualdade na sanidade pública galega que inclúa a formación en igualdade dos e das profesionais.

4.3.2. Atención para as profesionais do Sergas en situación de violencia de xénero.

4.3.3. Información e orientación no ciclo da maternidade como fomento da corresponsabilidade.

4.3.4. Desenvolver programas de atención psicolóxica gratuíta destinados aos homes con problemas de control de violencia, e deseñar campañas de prevención e coeducación dirixidas especialmente aos homes.

4.3.5. Implementar o traballo dentro da cooperación internacional que afecta a mulleres, nenas, nenos, poboación LGTBI e indíxenas desde a óptica dos dereitos humanos e de xénero.

4.3.6. Continuar apoiando a rede de centros que orientan en materia afectivo-sexual e asegurar unha completa información ás mulleres sobre todos os métodos anticonceptivos que poden empregar.

4.3.7. Garantir atención psicolóxica suficiente e continuada que favoreza o apoderamento de todas as mulleres vítimas, especialmente dos colectivos máis vulnerables, mulleres con discapacidade, ou vítimas de trata sexual.

4.4. Área social

4.4.1. Apoio e formación ao voluntariado, fundamentalmente no eido da igualdade e da prevención da violencia de xénero.

4.4.2. Consolidación, aumento e mellora da oferta dos recursos de proximidade para mulleres maiores, menores, discapacidade e/ou en dependencia.

4.4.3. Mellora da oferta de ocio e tempo libre para menores como medida de conciliación para as vítimas de violencia de xénero.



4.4.4. Reforzamento das medidas do respiro familiar dirixidas ás vítimas.

4.4.5. Programas complementarios de educación e apoio familiar.

4.4.6. Fortalecer e consolidar o movemento asociativo.

4.4.7. Realización de actuacións do Consello Galego das Mulleres; reforzar a participación no deseño das leis contra a violencia de xénero e noutros eidos de actuación no ámbito da igualdade; así como estudar a actual composición do Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero e do Consello Galego das Mulleres e valorar a incorporación dalgúns axentes e asociacións que interveñen neste campo.

4.4.8. Constitución de espazos de encontro para a reflexión e o debate en materia de violencia de xénero.

4.4.9. Edición de guías e protocolos de actuación para o tratamento e abordaxe da violencia de xénero.

4.4.10. Reforzamento dos programas de atención integral que se desenvolven nos centros de acollida, cunha mellor coordinación cos xulgados e co resto dos axentes que interveñen na asistencia e atención ás vítimas, e da coordinación institucional.

4.4.11. Presenza de educadores/as sociais nos recursos de protección e recuperación de vítimas de violencia de xénero.

4.4.11. Medidas de prevención contra a violencia sexual e a trata. Igualmente, é preciso desenvolver e ampliar o marco legal contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual e harmonizar así os protocolos de actuación en todo o ámbito nacional, priorizando a elaboración dun plan galego contra a trata e a explotación sexual, así como aumentar os recursos de acollida para vítimas de trata e impulsar programas específicos para vítimas de trata e mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero.

4.4.12. Actuacións de concienciación social arredor da compra de servizos sexuais como unha forma de violencia de xénero, con especial atención aos máis mozos, co fin de evitar a normalización desta situación.

4.4.13. Adoptar as medidas de conciliación para favorecer a mobilidade dos menores e das súas familias.

4.4.14. Estudar a implantación da gratuidade de servizos públicos de transporte para mulleres vítimas de violencia de xénero.

4.4.15. Proxectos individualizados de intervención social para mulleres de especial vulnerabilidade.

4.4.16. Establecer axudas e recursos especiais que permitan o acceso a unha vivenda en réxime de alugueiro para as vítimas de violencia de xénero, os



seus fillos e fillas, para as persoas orfas menores de trinta anos, así como para as vítimas de trata e explotación sexual.

4.4.17. Elaboración dunha guía específica para o recoñecemento de situacións de violencia de xénero en mulleres con diversidade funcional.

4.5. Educación e sensibilización

4.5.1. Impulsar a formación especializada en igualdade de xénero e coeducación do profesorado, dos estudantes e dos profesionais dos medios de comunicación.

4.5.2. Impulsar as escolas de nais e pais, así como fomentar a implicación das familias e docentes na educación en igualdade dos menores.

4.5.3. Pular pola visibilización do traballo doméstico e de coidados na Administración galega desde a perspectiva da corresponsabilidade.

4.5.4. Desenvolvemento da perspectiva de xénero e fomento do uso de datos desagregados por sexo.

4.5.5. Reforzar a sensibilidade respecto do uso dunha linguaxe e imaxes inclusivas.

4.5.6. Medidas de sensibilización e prevención de violencia contra as mulleres centradas nas novas plataformas de comunicación social, dado o seu crecente peso nas relacións humanas, como axente de socialización e tendo en conta o impacto que estas redes teñen na reprodución e perpetuación de roles e estereotipos sexistas, así como nos contidos que nelas se comparten.

4.5.7. Fomento da igualdade no deporte.

4.5.8. Medidas de fomento da escolarización do alumnado e da conciliación da vida laboral, persoal e familiar, así como do acceso a actividades igualitarias

4.5.9. Promover o coñecemento do traballo das mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade.

4.5.10. Fomentar accións de sensibilización coa finalidade de promover a igualdade de xénero no ámbito familiar .

4.5.11. Elaboración de materiais didácticos que faciliten a introdución da perspectiva de xénero no ámbito educativo universitario.

4.5.12. Colaborar coas Oficinas de igualdade do Sistema Universitario de Galicia e fomentar a investigación en materia de violencia de xénero.

4.5.13. Apoio ás entidades e ONG que desenvolvan tarefas de atención e protección integral ás vítimas de trata (incluíndo menores de idade).



4.5.14. Reforzar a sensibilización e concienciación social sobre a violencia de xénero a través dos medios de comunicación, así como do seu compromiso coa Declaración de Compostela e o cumprimento do Código Deontolóxico para o tratamento das noticias e da linguaxe a empregar; así como establecer un sistema de supervisión da publicidade a través do Observatorio galego contra a violencia de xénero, especialmente para erradicar as campañas publicitarias sexistas ou que empregan a cousificación da muller.

4.5.15. Promover acción encamiñadas ao cumprimento do I Plan de actuacións para a igualdade dos centros educativos de Galicia e facer un seguimento e avaliación do impacto dos seus obxectivos e medidas.

4.5.16. Implementar desde o Ministerio de Educación a excepción do cumprimento do limiar académico para o mantemento de bolsas e axudas, así coma manter a exención de pagamento de taxas no ensino universitario de Galicia para as vítimas de violencia de xénero.

4.5.17. Reforzar, desde a educación e a prevención, a normalización perigosa da prostitución, especialmente entre os máis mozos.

4.6. Administración

4.6.1. Programa de apoio aos centros de Información ás mulleres para promover a igualdade entre mulleres e homes no ámbito local.

4.6.2. Estímulo á realización de programas e medidas de conciliación desde as entidades locais.

4.6.3. Apoio ao desenvolvemento de accións de información e orientación por parte da Administración local que contribúan a aumentar a percepción e o rexeitamento social da violencia de xénero.

4.6.4. Reforzo da formación na Administración galega:

a) Accións formativas e de actualización de coñecemento en materia de violencia de xénero para profesionais dos CIM, dos servizos sociais, voluntariado e persoal das entidades que desenvolven tarefas de acompañamento ás vítimas.

b) Formación específica e precisa de todos os profesionais do ámbito da xustiza así como do ámbito policial que teñan que exercer un trato directo coas vítimas de violencia machista.

4.6.5. Impulsar estudos estatísticos, investigacións e estudos de xénero que traballen desde a especificidade dos colectivos, que sirvan de base para a creación de políticas públicas axeitadas a cada un deles (mulleres rurais, mulleres con discapacidade, mulleres inmigrantes...) e incluíndo as novas formas de comunicación social e redes como novos axentes de socialización.



4.6.6. Levar a cabo unha macroenquisa en Galicia co obxecto de conseguir un achegamento á percepción da sociedade galega respecto da violencia de xénero e da violencia sexual.

4.6.7. Evitar os espazos de impiedade para os maltratadores, que poden derivar das disposicións legais vixentes en relación co dereito de dispensa da obriga de declarar, a través das modificacións legais oportunas.

4.6.8. Para evitar a vitimización secundaria, priorizar a adecuación dos xulgados de Violencia sobre a Muller e dos xulgados especializados, con dependencias que impidan a confrontación vítima/agresor, dotándoos dos medios audiovisuais que eviten a repetición das declaracións e de intérpretes cualificados. Estas mesmas dependencias poderán ser utilizadas para os casos de agresións sexuais e trata de persoas con fins de explotación sexual.

4.6.9. Diseñar un plan de acompañamento e asesoramento da vítima (acompañamento xudicial personalizado), implicando as diferentes administracións, que teña en conta a asistencia da vítima e os seus fillos e fillas con carácter previo á interposición da denuncia e durante o procedemento, e que irá acompañado de medidas de formación obrigatoria especializada a todos os axentes implicados. Para iso revisárase o Protocolo no ámbito dos xulgados competentes en violencia de xénero para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero, sobre o itinerario e procedemento, asegurando o coñecemento efectivo do recorrido xudicial, desde o momento en que se interpón a denuncia ata o final do proceso.

4.6.10. Ampliar o marco legal para rematar coa fenda salarial.

4.6.11. Introducir a perspectiva de xénero nos informes, datos e estatísticas da Administración.

4.6.12. Fomentar o cumprimento de plans de igualdade en todas as administracións públicas, así como nas empresas que teñen a obriga de telo.

4.6.13. Rexeitar a mediación como ferramenta útil nos casos de violencia de xénero.

4.6.14. Trasladar á Fiscalía a necesidade de impulsar o seguimento con carácter preventivo daqueles casos que finalizan cunha retirada de denuncia.

4.6.15. Mellorar a coordinación dos sistemas estatísticos.

4.7. Cultura e lecer

4.7.1. Impulsar accións culturais e artísticas contando coa participación de mozos e mozas co fin de dar a coñecer a situación da muller rural.



4.7.2. Pór en marcha accións formativas dirixidas á xuventude e a monitores de tempo libre co fin de consolidar espazos de lecer libres de violencia, eliminar espazos sexistas e erradicar situacións de violencia.

4.7.3. Promover accións de sensibilización e prevención das violencias contra a muller na celebración de eventos de afluencia masiva como concertos ou festivais.

4.8. Feminicidio

4.8.1. Neste momento non se recomenda a incorporación ao Código penal da tipificación do concepto de feminicidio, ao estar incorporado o agravante de xénero (artigo 22.4 da Lei orgánica 1/2015) entendido de conformidade co Convenio de Istambul.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2019.

Paula Prado del Río
Presidenta da Comisión

Olalla Rodil Fernández
Secretaria da Comisión

Formulación de votos particulares en relación co Ditame emitido pola Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres

Ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* dos votos particulares formulados en relación co Ditame emitido pola Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres:

- G. P. Mixto (doc. núm. 60595)
- G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 60591)
- G. P. do Grupo Común da Esquerda (doc. núm. 60616)
- G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 60629)

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 16 de xaneiro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 59252 (10/PNC-004727)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e oito deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da súa colaboración económica para garantirlles a gratuidade da educación infantil no tramo de idade de 0 a 3 anos a todas as familias galegas

BOPG nº 569, do 27.11.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a exixir do Goberno do Estado a colaboración económica para garantir a gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos a todas as familias galegas.»

Rexeitamento da iniciativa

- 15655 (10/PNC-001349)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de atención ás persoas en listas de espera para unha avaliación, así como para a materialización das axudas recoñecidas ao abeiro da Lei de dependencia

BOPG nº 174, do 13.09.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 53690 (10/PNC-004278)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir que o



Centro de atención a persoas con diversidade funcional de Ourense sexa público, de xestión pública e que funcione no 2020, así como solucionar a falla de prazas mentres o centro non estea aberto

BOPG nº 522, do 30.08.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 57649 (10/PNC-004589)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención e tratamento da obesidade e dos trastornos da alimentación

BOPG nº 552, do 23.10.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 59145 (10/PNC-004709)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos riscos que supón para a saúde humana a presenza de amianto nas edificacións e infraestruturas

BOPG nº 569, do 27.11.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 59335 (10/PNC-004734)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de suspender as gardas de pediatría e o servizo de paritorio no Hospital Comarcal de Verín

BOPG nº 572, do 04.12.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 60087 (10/PNC-004803)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa asistencia sanitaria en atención primaria que se está a prestar no concello da



Guarda e a solicitude de xuntanza co conselleiro de Sanidade formulada polos representantes municipais dos concellos do Baixo Miño afectados
BOPG nº 581, do 23.12.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2020

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros das preguntas con resposta oral en pleno convertidas en preguntas con resposta escrita por finalización do período de sesións

Advertida a omisión, por un erro material das preguntas con resposta oral en pleno documentos números 59868 e 59985, convertidas en preguntas con resposta escrita por finalización do período de sesións, débense engadir as seguintes:

- 59868 (10/POP-007435)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á extensión da decisión de suprimir o servizo de paritorio do Hospital Comarcal de Verín a outros hospitais comarcais situados en zonas que perdan poboación

- 59985 (10/POP-007436)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, Bará Torres, Xosé Luís, Rodil Fernández, Olalla, Prado Cores, María Montserrat, Presas Bergantiños, Noa e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a posibilidade de presentación da política forestal da Xunta de Galicia no Cumio Mundial do Clima como exemplo de estratexia para combater o cambio climático

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2020

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior



Corrección de erros relativa ao resumo da pregunta con resposta oral en comisión doc. núm. 61145 (10/POC-009693) publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 590 (fasc. 2), do día 15 de xaneiro de 2020

Advertido un erro material no resumo da pregunta oral en comisión doc. núm. 61145 (10/POC-009693) publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 590 (fasc. 2), do día 15 de xaneiro de 2020, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Na páxina 195307

Onde di:

«- 61145 (10/POC-009693)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a construción naval en Galicia da frota arxentina”

Debe dicir:

«- 61145 (10/POC-009693)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a concesión de subvencións a empresas do sector da automoción»

Na páxina 195317

Onde di:

«- 61145 (10/POC-009693)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a construción naval en Galicia da frota arxentina
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo»

Debe dicir:

«- 61145 (10/POC-009693)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a concesión de subvencións a empresas do sector da automoción
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo»

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2020
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Vero** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta os seguintes **VOTOS PARTICULARES** respecto do ditame emitido o día 20 de decembro de 2019 pola Comisión non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres en relación coa avaliación da aplicación nos distintos ámbitos competenciais da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e da Lei 11/2007, do 27 de xullo, de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Grupo Mixto está a favor do ditame da Comisión non Permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, froito do consenso de todas as forzas do arco parlamentar.

O Ditame foi elaborado logo dos traballos de dita Comisión ao longo das IX^a e X^a lexislatura, froito do esforzo e compromiso das deputadas integrantes da mesma, que acadaron un consenso en forma de análise do marco legal sobre a protección contra a violencia de xénero, de análise de informes e comparecencias de persoas expertas e dun apartado con Conclusións e Medidas Propostas, entre as que se inclúen achegas do noso propio grupo.

Partindo da conciencia de que a chegada a este consenso é un logro e que, máis unha vez, coloca Galiza na vangarda da loita contra as violencias machistas a nivel do Estado, co presente voto particular formulamos as seguintes consideracións a respecto do Ditame da Comisión Especial non Permanente para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres:



1º – As medidas presentes no apartado de conclusións son de consenso, urxentes e necesarias. Loxicamente, ao partir dun consenso de todos os grupos, son un documento, en parte, “de mínimos” que non recolle todas as medidas que cada grupo considera esenciais e que desenvolveremos no futuro Pacto Galego contra a Violencia de Xénero. Non obstante, dende En Marea considerabamos fundamental achegar unha serie de puntos que entendemos deberían estar entre as conclusións, por estar xa recollidas na lexislación vixente e ser compromisos que non deberan xerar disenso entre as forzas políticas democráticas:

- Rematar cos concertos con centros que segregan ao alumnado por sexos, como condición previa para a coeducación, tal e como establece o propio Plan de actuacións para a Igualdade en centros educativos da Xunta de Galiza.
- Derrogar a Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, norma que camufla de apoio á muller xestante a disposición de subvencións e a concertación coa Red Madre e outras entidades antiabortistas labores directas de información a mulleres embarazadas. A lei, asemade, afonda en posicións esencialistas sobre a muller e o seu rol de xénero, como “revalorizar a maternidade, ou concretamente a figura da muller xestante”, ademais de considerar o “dereito á vida” dende a “concepción”, contradicindo o consenso científico e o dereito á interrupción voluntaria do embarazo recollido na lexislación estatal.
- Fornecer apoio psicolóxico a vítimas de violencia (tamén a menores) na Atención Primaria, ampliando os recursos da área de Saúde Mental do SERGAS, desenvolvendo o artigo 25 da Lei 11/2017, de 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.



2º – Houbo discrepancias na Comisión sobre se procedía ou non unha avaliación do grao de desenvolvemento da Lei 11/2017, de 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, pero o obxecto da Comisión era claro a este respecto: si entraba dentro dos temas a tratar na Comisión. Consideramos que cómpre valorar que aínda faltan puntos por desenvolver e que, no futuro Pacto Galego, cómpre afondar na concienciación e dotación de recursos para abordar, especificamente, as violencias sexuais.

3º – Chegamos os grupos parlamentares ao compromiso de desenvolver, sen demora, un Pacto Galego contra a Violencia de Xénero, o cal consideramos se debe substanciar antes de remate da Xª Lexislatura.

4º – Calquera pacto en relación ás violencias machistas debe partir do rexeitamento aos discursos e prácticas negacionistas do machismo e das violencias estruturais que este xera, non sendo compatible a defensa dos dereitos das mulleres con pactos con forzas políticas que renegan da existencia do machismo.

5º – O Pacto Galego contra a Violencia de Xénero debe establecer prazos, orzamentos e mecanismos de seguimento claros para garantir o seu desenvolvemento.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 27/12/2019 11:10:51





Luis Villares Naveira na data 27/12/2019 11:10:57





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 13 das normas reguladoras da Comisión Especial non Permanente para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, presenta o seguinte **Voto particular** para a súa defensa en Pleno respecto do Ditame emitido o día 20 de decembro de 2019 pola Comisión non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres en relación coa avaliación da aplicación nos distintos ámbitos competenciais da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e da Lei 11/2007, do 27 de xullo, de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

Voto particular do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame da Comisión non Permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres respecto da *Avaliación da aplicación nos distintos ámbitos competencias da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra la violencia de xénero e da Lei 11/2007, do 27 de xullo, de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.*

Índice

1. **Introdución**
2. **Consideracións previas e antecedentes.**





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Avanzando no concepto de Femicidio.

4. Avaliación da aplicación e desenvolvemento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

5. Propostas de actuación prioritarias.

1. Introducción

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presenta este Voto Particular ao Ditame da Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres por entender que a proposta aprobada renuncia a incluír, como era obxecto do Plan de Traballo aprobado no ano 2014 e retomado no ano 2017, unha *“Avaliación da aplicación nos distintos ámbitos competencias da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra la violencia de xénero e da Lei 11/2007, do 27 de xullo, de prevención e tratamento integral da violencia de xénero”*.

Recoñecendo e poñendo en valor o traballo colectivo de recompilación dos traballos da IX lexislatura e da presente, enténdese que o seu resultado non é satisfactorio ao ficar nun plano fundamentalmente descritivo dalgunhas das exposicións desenvolvidas polas persoas comparecentes, sen avaliar de forma crítica o desenvolvemento da lei nos últimos doce anos nin propoñer elementos para avanzar. Enténdese, polo tanto, que non atende de forma suficiente as necesidades e esixencias





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que está a manifestar a sociedade galega neste momento histórico, no que se conxugan ao tempo importantes avances na loita feminista e a emerxencia dunha forte contestación do patriarcado a través da posta en cuestión de dereitos conquistados como o recoñecemento e conceptualización da violencia machista.

2. Consideracións previas e antecedentes.

Galiza conta cun importante desenvolvemento legal respecto da loita contra a violencia machista que se anticipa ao posteriormente estipulado polo Convenio de Istambul e que supón unha óptica moito máis avanzada do que a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e dos conceptos incorporados na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Neste camiño supuxo un fito histórico a tramitación e aprobación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Máis dunha década despois da súa aprobación, é unha necesidade avaliar o cumprimento deste marco e actualizar as súas necesidades.

Neste sentido, no ano 2014 a Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres do Parlamento Galego, concibida coma o instrumento institucional para ofrecer solucións aos problemas principais que atinxen ás mulleres en determinados eidos, acordou desenvolver a avaliación da aplicación da Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e da Lei 11/2007, do 27 de xullo, de prevención e tratamento integral da violencia de xénero. O seu Plan de traballo incorporou unha ampla relación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de comparecencias que ficou inconcluso e que se retomou na presente lexislatura acordándose o 26 de maio de 2017 un Plan de Traballo que na súa literalidade estipula dito obxectivo de desenvolver unha avaliación.

Anteriormente a esta toma de decisión, o Pleno do Parlamento, na sesión do 24 de xaneiro de 2017, aprobou por unanimidade e con modificacións a Moción número de rexistro 2756 (10/MOC-000008) do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia de xénero (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 1876, publicada no BOPG núm. 28, do 14.12.2016, debatida na sesión plenaria do 27.12.2016) recollendo os seguintes acordos (publicados no BOPG nº 43, do 12.01.2017):

«O Parlamento de Galiza acorda constituír unha ponencia dentro da Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres coa finalidade de:

1. Promover un Pacto galego contra a violencia de xénero que, como mínimo, inclúa as seguintes medidas:

a) O incremento dos recursos económicos destinados á prevención e á asistencia das vítimas da violencia de xénero e das súas fillas e fillos.

b) O estudo da modificación da Lei galega 11/2007, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, para incluír nela o concepto de feminicidio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) A mellora dos medios e recursos da xustiza, concretada:

- Na dotación dos recursos necesarios para mellorar os medios xudiciais en materia de violencia contra as mulleres.
- Na garantía de existencia, no marco dos medios dispoñibles en cada edificio xudicial, de mecanismos de separación entre vítimas e agresores nos xulgados galegos.
- Na garantía de formación especializada en violencia de xénero de todo o persoal que intervéñ no proceso xudicial, incluíndo médicos/as forenses e equipos psicosociais.
- Na aplicación dun protocolo forense de valoración do nivel de risco para os casos de violencia de xénero nas unidade de valoración forense.

d) O desenvolvemento durante o ano 2017 das medidas de coeducación previstas no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia.

e) Intensificar as medidas de prevención da violencia de xénero coas seguintes actuacións:





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Posta en marcha, de xeito periódico, de campañas de información e sensibilización dirixidas á poboación en xeral e específicas para a mocidade, que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero e que informen dos medios e recursos á disposición das mulleres que se atopen en situación de violencia de xénero. As campañas terán especial divulgación nos medios de comunicación de titularidade pública e nos centros escolares, educativos, sociais, sanitarios, laborais, culturais e deportivos.

- Aplicar o artigo 15 da Lei 11/2017, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, relativo á formación da totalidade das e dos profesionais.

f) A aplicación do artigo 25 da Lei 11/2017, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que considera a atención psicolóxica como un servizo de atención primaria. E en relación cos programas de atención psicolóxica:

- Promoción dos cambios legais necesarios para que as mulleres en situación de violencia de xénero non teñan que informar o outro proxenitor da decisión de que a/o menor inicie un tratamento psicolóxico coa finalidade de abordar o impacto psicolóxico sufrido por presenciar violencia de xénero.

- Ampliación da atención psicolóxica aos homes menores de idade con problemas de conduta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

g) A elaboración, en colaboración coa Fegamp e os concellos, de protocolos de prevención e atención á situación de violencia machista naquelas entidades locais que non dispoñan del ou que precisen da súa actualización por parte de persoal cualificado.

h) A promoción da avaliación, externa e independente, por parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, do cumprimento e do impacto en Galicia da lei galega e da lei estatal contra a violencia de xénero , así como das medidas necesarias para mellorar a eficacia das políticas públicas para acabar coa violencia de xénero, que será remitida ao Parlamento de Galicia.

i) A promoción, tanto en medios públicos como privados, do cumprimento dos principios establecidos na Declaración de Compostela, procurando a responsabilidade e implicación dos medios de comunicación social no combate contra a violencia machista e evitando o morbo e o sensacionalismo no tratamento informativo da violencia machista.

k) O establecemento de medidas para evitar a vitimización secundaria das mulleres en situación de violencia de xénero e a articulación de medidas que salvagarden a súa intimidade á hora de acceder aos diferentes recursos e servizos que poñen á súa disposición ás diferentes administracións públicas..

2. A elaboración dun documento de consenso de todos os grupos políticos con representación na Cámara, co obxectivo de elevar unha posición única e conxunta á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xuntanza da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado, que se acordou convocar na Conferencia de Presidentes do 17 de xaneiro de 2017, co fin de incorporar as achegas da Comunidade Autónoma de Galicia aos traballos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.»

3. Avanzando no concepto de Feminicidio.

Ao longo dos últimos anos socializáronse no ámbito galego, a raíz do seu emprego por parte de diversos movementos de mulleres ao longo do mundo e fundamentalmente no ámbito latinoamericano, termos amplos e novidosos nalgún caso que veñen a reflectir a gravidade e dimensión da violencia machista. Un deses termos é o de Feminicidio, con amplas connotacións políticas, sociais e éticas que non pode reducirse só a unha posibilidade desde o punto de vista da tipificación legal.

Nese sentido, cómpre salientar algunhas das dimensións deste termo que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego ten introducido nas súas propostas de control e impulso no último lustro. Por unha banda, é relevante salientar a súa dimensión política ao conceptualizar de forma diáfana a dimensión do asasinato das mulleres polo mero feito de selo (como o definiu en 1976 Diana Russell perante o Tribunal Internacional dos Crimes contra a Muller), o que constitúe un verdadeiro xenocidio e un dos ataques máis graves contra os dereitos humanos. Por outra banda, salienta a súa dimensión social ao sinalar os factores estruturais de discriminación social contra as mulleres e a preeminencia do sistema patriarcal.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos últimos anos o uso do termo feminicidio foi xeralizándose, especialmente nos medios de comunicación social e no movemento feminista. Mais non só. Alén dos países, especialmente latinoamericanos, que teñen incorporado o termo feminicidio ao seu ordenamento xurídico, tamén organizacións e institucións internacionais como as Nacións Unidas ou o Parlamento europeo incorporaron o concepto femicidio / feminicidio ás súas análises e documentos e salientan tamén as voces que fan un chamamento a superar unha lectura eurocéntrica deste concepto.

Durante os traballos da Comisión de Igualdade, especialmente da X Lexislatura, foron diversas as comparecencias en que se abordou a idoneidade ou non de incluír o termo feminicidio na lexislación galega. Na práctica totalidade dos casos as e os comparecentes non recomentan, ou non cren necesaria, a súa tipificación no Código Penal ao estar xa incluído o agravante de xénero (artigo 22.4 da Lei Orgánica 1/2015) entendido de conformidade co Convenio de Istambul.

Porén, diversas comparecencias subliñaron a importancia da linguaxe e polo tanto a idoneidade do termo feminicidio -alén da tipificación penal- á hora de conceptualizar e dimensionar a discriminación estrutural que sofren as mulleres polo simple feito de o seren.

Desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego consideramos necesario abrir este camiño, e avanzar, máis alá do ámbito penal, na inclusión do termo Feminicidio nos nosos textos lexislativos e nas políticas postas en marcha. É dicir, o feminicidio como forma de terror propia que sofren as mulleres só por cuestión de xénero. Desta maneira, contribuírase a subliñar o seu carácter social e a súa dimensión



política, situándoo como un problema político de primeira orde e consecuencia directa do sistema patriarcal. Da mesma forma que o marco conceptual -e legal- ten evolucionado desde a categorización da violencia *doméstica* á violencia de *xénero* e desta á *machista*, é hora de dar un paso máis, insistindo ademais en que o termo *feminicidio* non é excluínte da propia definición de violencia de xénero nin do seu desenvolvemento.

Así mesmo, entendemos que non debe ser desperdiciada a oportunidade de avanzar na reclamación e esixencia dun Estatuto de Vítima de Feminicidio que contribúa a introducir melloras respecto das garantías que debe ter a atención á violencia machista no ámbito xudicial, un dos ámbitos máis sinalados neste momento histórico e que representa un dos maiores escenarios dunha violencia institucional que cómpre atallar.

4. Avaliación da aplicación e desenvolvemento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

Da análise e estudo das comparencias e informes obxecto do traballo encargado á Comisión parlamentaria extráense dúas conclusións fundamentais. Dunha banda, é evidente o carácter transformador e avanzado da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero ao tratarse dun texto legal que, aínda hoxe, transcorridos máis de doce anos da súa aprobación e entrada en vigor, situou do punto de vista teórico e normativo Galiza á vangarda no combate de todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres. Así mesmo, conclúese tamén





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como a falta de desenvolvemento da última década deriva en que nunha parte importante non estea aínda desenvolvida nin con perspectiva ou calendarización e orzamentos previstos ao respecto, polo que ese punto de partida tan ambicioso ten sido lastrado polos constantes incumprimentos e fan que Galiza perda posicións na loita contra a violencia machista sufrindo unha ralentización das medidas a desenvolver que non se xustifica con base á súa vixencia senón que, máis aínda, fai máis grave este incumprimento.

Coa perspectiva que ofrece o paso do tempo hai un aspecto da lei sinalado polos e polas comparecentes na súa maioría que é diferencial e que é un aspecto clave: a definición que o texto normativo recolle de violencia de xénero abrangue calquera acto violento ou agresión que se produza contra unha muller polo simple feito de o ser, teñan estes lugar no ámbito privado, familiar ou público. Unha definición que o ordenamento xurídico galego incorpora antes mesmo de subscribir o Estado español o convenio de Istambul e que converte o noso país nun dos primeiros, mesmo a nivel internacional, en o facer.

Máis aínda, é pertinente recordar neste punto como no ámbito estatal o denominado Pacto de Estado de 2017 (Boletín Oficial das Cortes Xerais do Estado nº 200 do 8 de agosto de 2017) inclúe entre os seus puntos a necesidade de dar este paso de ampliación da definición de violencia, unha cuestión tamén moi reivindicada e esixida desde o ámbito social e do feminismo. Porén, máis de dous anos despois da súa aprobación ningún goberno do Estado, nin do Partido Popular nin do Partido Socialista Obrero Español ten desenvolvido este aspecto malia que aínda nun contexto de fragmentación política este aspecto suscitaba, a priori, unha gran maioría parlamentar que permitía a súa lexislación. Neste sentido, cabe remarcar as consecuencias negativas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que ten isto para Galiza tanto nos ámbitos nos que non temos soberanía plena, como o xudicial, como en ámbitos nos que distorsiona a actuación da propia Xunta de Galiza como é o recoñecemento das vítimas e o seu cómputo nas estatísticas oficiais. É polo tanto, un dos ámbitos onde máis evidente se fai a necesidade de que Galiza teña máis capacidade de autogoberno para avanzar tamén do punto de vista dos dereitos sociais das mulleres e do combate contra as violencias machistas.

Respecto do desenvolvemento da propia definición de violencia de xénero que se recolle na lei do punto de vista da acción desenvolvida pola Xunta de Galiza, cómpre sinalar que se ben se teñen dado pasos á hora de avanzar na inclusión da totalidade de vítimas e de violencias nos últimos anos, en xeral na súa grande maioría as políticas impulsadas téñense orientado á violencia producida no seo das relacións de parella e/ou afectivo-sexuais, tal e como se conclúe da análise da documentación achegada pola propia administración galega e polos informes anuais respecto da lei.

É apenas a partir do ano 2018 cando o goberno da Xunta de Galiza comezou a deseñar campañas e accións dirixidas á loita contra a violencia sexual, por exemplo, nos espazos de lecer. Polo tanto, pódese concluír que este tímido paso adiante obedece non tanto a unha política planificada para concienciar do carácter poliédrico da violencia como a unha evolución incardinada nunha tendencia xeral doutras campañas institucionais así como da propia sociedade, a raíz da socialización das esixencias do feminismo a través da resposta a casos dun grande impacto como o da Manada dos San Fermíns (feitos acaecidos en 2016 e xulgados nos anos posteriores ata 2019 con grande eco social).





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aliás, cabe sinalar que non se viñan recollendo nos informes anuais de avaliación e seguimento remitidos ao Parlamento de Galiza (Disposición adicional cuarta), datos estatísticos sobre formas de violencia (artigo 3) que -como dispón a Lei 7/2011- se produciran fóra da parella, quer no ámbito público, quer no privado (acoso laboral, violacións, abusos sexuais, discriminación salarial, etc.). Este aspecto foi corrixido recentemente cando após un acordo parlamentar impulsado polo Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (aprobado na sesión do 11 de setembro de 2018, moción número de rexistro 33421) cando a Xunta de Galiza comezou a elaborar un informe específico sobre violencia sexual como addenda ao informe anual de avaliación da lei galega. Porén, malia supoñer isto un avance na súa visibilización, hai que sinalar que malia que a partir da resposta social diversas administracións teñen ampliado o foco sobre a violencia sexual o esforzo da Xunta de Galiza é aínda moi cativo. Como exemplo podemos sinalar que nese mesmo acordo parlamentario acordábase algo tan sinxelo como incluír na páxina web da Secretaría Xeral de Igualdade un apartado específico visible na pantalla de inicio con información sobre as violencias sexuais e os seus recursos de atención e intervención, aspecto inexistente no momento de asinar esta avaliación.

Entre os aspectos máis relevantes da lexislación galega podemos sinalar a obriga ao conxunto de administracións públicas de evitar en todas as súas actuacións a vitimización secundaria das mulleres (artigo 4.4) e a non reprodución ou perpetuación dos estereotipos sobre as mulleres polo que deben garantir a especialización dos colectivos profesionais que interveñen no proceso de prevención e tratamento integral da violencia machista e a incorporación da perspectiva de xénero na totalidade das actuacións (artigo 4.3).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao longo das intervencións escoitadas na Comisión de Igualdade do Parlamento con motivo do plan de traballo iniciado en 2014, a inmensa maioría das comparecentes denunciaron a falta de formación específica en violencia machista e perspectiva de xénero dos colectivos profesionais que traballan directamente con mulleres en situación de violencia machista; desde a xustiza, ás Forzas e Corpos de Seguridade, pasando polas/os profesionais da sanidade pública e dos servizos sociais. Esta situación converte a administración, as institucións públicas, en xeradoras e/ou reprodutoras de violencia.

Neste senso, a Xunta de Galiza aprobou o Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galiza, que prevé a elaboración de plans anuais de formación en materia de igualdade entre mulleres e homes e prevención e loita contra a violencia de xénero. Cómpre sinalar como cuestión negativa que o Decreto foi aprobado dez anos despois da entrada en vigor da Lei 11/2007 e que ata o momento tanto a calendarización como o seu desenvolvemento son insuficientes e non están a dar unha resposta adecuada ás necesidades formativas. Por exemplo, no excesivo prazo para a formación básica, no abuso dos cursos a distancia cando é evidente que nunha materia como a igualdade é fundamental o contraste e o debate para a transformación das condutas ou na falta de conclusións transparentes da comisión de seguimento que se estipula.

Outro aspecto que quedou constatado a través da avaliación dos informes e da comparecencia das persoas convidadas, especialmente a través das referentes aos CIM e a asociacións de atención ás vítimas ao longo do territorio foi o da necesidade de superar as desigualdades territoriais. Este aspecto, malia estar recollido na lei respecto do desenvolvemento e despregamento da rede de recursos e servizos (artigo 4.6), con





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

especial atención aos espazos rurais, ten aínda moitos problemas na súa aplicación, aspecto no que tamén tivo unha notable influencia a crise económica e os recortes aplicados, tamén os que desde o goberno central afectaron por exemplo á administración local. Das experiencias compartidas conclúese como evidente que estes desequilibrios, malia os avances, persisten a día de hoxe ficando moitas comarcas do país, especialmente rurais, sen acceso a recursos fundamentais previstos na lexislación como os Centros de información á Muller (CIM), os Puntos de encontro familiar (PEF) ou a rede de acollemento, así como, por exemplo, os xulgados exclusivos de violencia contra a muller dos que Galiza conta con apenas dous, un na Coruña e un en Vigo.

Canto ás medidas de sensibilización, conclúese unha equivalente falta de compromiso no desenvolvemento da lei, que non ten acadado a súa potencialidade. Por exemplo, en relación ao deseño, elaboración e difusión de campañas (artigo 6), a Xunta de Galiza desenvólveas principalmente arredor de datas sinaladas como 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres; o 25 de novembro, Día Internacional para a eliminación da violencia machista ou con motivo do Día europeo contra a trata e a explotación sexual. A publicidade institucional complementábase con obradoiros, exposicións, programas e accións puntuais que non teñen, nalgúns casos, continuidade no tempo nin unha planificación estratéxica nin son tampouco sometidos a unha avaliación rigorosa do seu resultado, ademais de carecer de estudos previos á hora de intervir como si fan outras administracións (por exemplo, o programa Suprime o control da Deputación da Coruña levado aos centros escolares, que inclúe fase previa e posterior de estudo). Malia contemplalo a Lei, a Xunta de Galiza non desenvolve polo xeral unha avaliación regular das campañas de información e sensibilización (artigo 6.5), cando menos non de maneira pública, o que imposibilita avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos das mesmas e a súa contribución, ou non, á mudanza de estereotipos sexistas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, as campañas teñen un carácter xeralista na súa maior parte o que supón un incumprimento, de acordo coa lei, da obriga de desenvolver unha atención específica á formación da poboación xuvenil (artigo 6.2) así como ás mulleres do ámbito rural ou a poboación masculina (artigo 6.4).

Por outra banda, unha das cuestións centrais na lei e nas intervencións dunha parte importante das e dos comparecentes é o referido a todos os aspectos da comunicación e dos medios de información. Tamén neste eido o resultado das limitadas políticas para intervir no tratamento da información e desenvolvemento contemplado (artigo 10) respecto dos Convenios de autorregulación non é positivo.

Cómpre recordar que a Xunta de Galiza asumiu, após a súa aprobación en 2004, a *Declaración de Compostela* elaborada polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galiza como o documento base para un correcto tratamento informativo da violencia machista no medios de comunicación adquirindo esta carácter de código deontolóxico ou de contido ético. Este espírito recolleuse na vixente lei, e durante os anos 2005-2009 a Secretaría Xeral de Igualdade traballou a prol da difusión e asunción desta declaración por parte dos medios de comunicación galegos. Porén, desde 2009 non se ten promovido sinatura algunha de convenios ou acordos de autorregulación en materia informativa cos medios de comunicación (artigo 10) nin se traballou para garantir o cumprimento real e efectivo da Declaración de Compostela, como así denunciaron diversas comparecentes na Comisión de Igualdade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, en materia de contidos e publicidade, a Xunta de Galiza constituíu a Comisión asesora de publicidade sexista no seo do Observatorio Galego de Violencia de Xénero (Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012). Desde a súa creación este órgano ten un enfoque de denuncia da publicidade sexista axudando a identificar, a través dun díptico, e recepcionando casos de comunicación comercial contrarios aos dereitos fundamentais das mulleres. Porén, non desenvolve tarefas de investigación, análise ou asesoramento. Non é un organismo dinámico e carece, na súa composición, dunha persoa experta en publicidade e xénero e/ou unha persoa experta en comunicación e xénero. Neste senso, o único informe elaborado sobre o sexismo na publicidade foi realizado pola Comisión asesora de Publicidade do Colexio Profesional de Xornalistas no ano 2008 e as súas conclusións e recomendacións nunca foron executadas.

Así mesmo, a lexislación actual non aborda as novas plataformas de comunicación social e o seu crecente peso nas relacións humanas como axente de socialización, o impacto que estas redes teñen na reprodución e perpetuación de roles e estereotipos machistas así como os contidos que nelas se partillan. Isto débese, en boa medida, a que o desenvolvemento e xeneralización do seu uso tivo lugar con posterioridade á aprobación e entrada en vigor da Lei 11/2007. Porén, a maior parte das persoas que compareceron na Comisión de Igualdade, subliñaron o seu impacto e crecente influencia como axente de socialización polo que apuntaron a necesidade de incorporalas aos estudos, investigacións e rexistros estatísticos en relación coa violencia de xénero, especialmente entre a mocidade.

As e os expertos insisten constantemente na necesidade da permanente investigación sobre a caracterización do patriarcado como fenómeno social, cultural e





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tamén político así como da realidade da violencia de xénero para ser quen de entender e intervir da forma adecuada. A Lei 11/2007 obriga a Xunta de Galiza a promover a investigación nas universidades e noutros entes, espazos ou organismos sobre as causas e consecuencias da violencia de xénero así como os medios necesarios para evitala, o grao de sensibilización da sociedade ante ela e os medios necesarios para o seu tratamento (artigo 12). Algo que non se ten cumprido como tampouco a creación de liñas de axudas ou medidas de apoio encamiñadas á promoción de teses de doutoramento e cátedras en materia de violencia contra as mulleres e igualdade. O informe anual de seguimento da Lei 11/2007 remitido ao Parlamento dá conta deste incumprimento pois non recolle ningunha acción ou medida desenvolvida ao respecto limitándose a reproducir o contido literal do artigo ante a ausencia de actuacións concretas.

Relacionada con esta cuestión, continúa a ser unha tarefa pendente o referido á formación nas universidades. Malia dispoñelo a Lei 11/2007 para o conxunto de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio de profesións que teñan relación directa coa violencia de xénero, non se ten incorporado na última década, con carácter xeral a todas as titulacións universitarias, estudos específicos de xénero e de prevención e tratamento da violencia machista. A inclusión de formación específica debería facerse extensíbel á Formación Profesional toda vez que unha parte dos colectivos profesionais que traballan directa ou indirectamente con mulleres en situación, real ou potencial, de violencia machista teñen unha formación técnica, por exemplo, o persoal das residencias de maiores ou de axuda á dependencia.

A principal denuncia das persoas comparecentes na Comisión foi, de maneira practicamente unánime, a falta de formación específica en violencia machista e perspectiva de xénero dos colectivos profesionais que traballan con mulleres en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

situación de violencia machista directa ou indirectamente. Garantir, mellorar e ampliar a formación da totalidade das profesionais foi unha recomendación unánime de todas elas. No informe anual de seguimento a Xunta dá conta de accións formativas desenvolvidas entre persoal público (profesorado, EGAP, psicoloxía, persoal CIM...) e da aprobación do Decreto 70/2017 e evidencias as carencias aínda existentes.

A respecto do ámbito educativo, a Lei 11/2007 prevé numerosas actuacións encamiñadas a combater os estereotipos, actitudes e comportamentos machistas desde as aulas. A importancia da educación na prevención e erradicación da violencia machista e do sistema patriarcal debe ser unha das principais áreas de actuación, como así sinalaron multitude de persoas comparecentes na Comisión de Igualdade.

Malia os avances desenvolvidos nos últimos anos, desde a aprobación da Lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, a Xunta de Galiza non só mantivo senón que ampliou e blindou até 2023 as unidades concertadas en centros que segregan o alumnado por sexo nas aulas, un feito contrario desde calquera punto de vista aos principios de coeducación que deben rexer no ensino público galego e ao disposto no I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galiza 2016-2020. Dito Plan, ademais, salienta negativamente pola ausencia dun horizonte mínimo de número de centros, alumnado e profesorado ao que chegar, ademais de basearse nunha memoria económica de catro parágrafos sen unha soa cifra autoxustificándose en que o orzamento é ordinario da Consellaría competente en ensino, mais despois nos orzamentos desta non aparecen concretados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, desde o curso 2017-2018, a Xunta de Galiza suprimiu a coeducación como criterio preferente para concertar unidades nos centros de ensino privados.

De maneira practicamente unánime, as persoas comparecentes insistiron na necesidade de introducir a perspectiva de xénero en todas as materias e currículos académicos así como revisar e actualizar o material didáctico para garantir que os contidos impartidos non vulneren o principio de igualdade e contribúan á erradicación de estereotipos e roles machistas. Cuestión, cómpre sinalar, prevista na lei desde 2007.

Como grave incumprimento, nesta área, atopamos que as medidas previstas na lei están lonxe de se cumprir na súa totalidade, malia ter transcorrido máis dunha década, así como a inexistencia do seguimento e avaliación das medidas adoptadas tal e como aparece recollido na Lei 117/2007 que prevé a realización dun informe sobre a situación da coeducación e prevención da violencia de xénero nos centros educativos de Galiza que debe elaborar, de maneira anual, o Consello Escolar de Galiza (artigo 22.3) e que nunca foi desenvolvido.

En 2016 e 2018 a Xunta de Galiza aprobou a creación de dúas materias de libre configuración autonómica 'Igualdade de xénero' en Secundaria e 'Coeducación para o século XXI' en Bacharelato, porén o seu carácter optativo fixo que, até o momento, apenas 55 centros de ensino secundario impartan 'Igualdade de xénero' malia ofertarse desde hai dous anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Finalmente, respecto do ensino convén sinalar que tamén se viu afectado tanto pola recentralización política do Estado español a través da aprobación da LOMCE (Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) e da política de recortes de profesionais, de forma que hoxe en día Galiza conta con máis de 500 docentes menos no seus sistema educativo público dos que tiña no ano 2009. Salienta tamén de forma negativa a aprobación no ano 2011 da lei de familia e apoio á convivencia impulsada por organizacións sociais antiabortistas e que presenta unha serie de modelos familiares moi reduccionista.

Un ámbito a respecto do que mellorar a intervención e investigación en materia de violencia machista é o sanitario. Cómpre sinalar que se ben todos os ámbitos de aplicación da lei galega se resentiron por mor dos recortes económicos e sociais aplicados na década de recesión a partir de 2008, é o sanitario un dos máis sensíbeis e nos que isto tivo unha incidencia directa, tanto na falta de desenvolvemento da lei como na relaxación do seu cumprimento e vixilancia.

Por exemplo, cómpre salientar que o Plan de atención integral da saúde da muller contemplado na lei foi editado en 2007. Porén, non foi avaliado nin actualizado unha década despois. Canto aos protocolos sanitarios, despois da presión social exercida polos e polas profesionais, asociacións feministas e o salto á palestra pública de casos non tratados axeitadamente malia a existencia dos mesmos ficou en evidencia que a guía editada antes de 2009, ‘Procedemento de intervención en saúde’, non estaba a ser aplicada nin avaliada.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dez anos despois, no *Protocolo de Coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero*, aprobado en 2018, inclúese (páxinas 50-58) un procedemento de actuación sanitaria que sinala como recomendacións a implantar nesta área cuestións recollidas na propia Lei 11/2007 (artigo 26.2) como a inclusión de formación específica nas titulacións universitarias, graos medios e superiores. Neste senso, salienta negativamente que no informe anual de avaliación da lei que se remite ao Parlamento indícase que existe formación no ámbito do SERGAS de cara a aplicar as recomendacións existentes, porén, non se especifica de que maneira, con que contidos nin a que colectivos profesionais.

Así mesmo, as persoas comparecentes na Comisión de Igualdade sinalaron que é preciso aumentar a recollida e sistematización de información no servizo de saúde pública e que abordar a violencia obstétrica é aínda unha tarefa pendente.

Finalmente, cómpre salientar negativamente o incumprimento do artigo 25 que establece a atención psicolóxica en Atención Primaria. Actualmente préstase como un servizo complementar a través do convenio asinado pola Xunta e o Colexio Oficial de Psicología de Galiza, que fai un magnífico traballo, mais que non é en absoluto o disposto na lei nin suficiente para dar cobertura ás necesidades existentes, véndose agravado pola falta de atención ás políticas de saúde mental na sanidade galega.

Entre outros aspectos, considérase unha materia pendente relacionada cunha porcentaxe elevada das mulleres maltratadas establecer un programa específico de detección e atención á violencia de xénero no embarazo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En síntese, as distintas persoas comparecentes na Comisión de Igualdade fixeron especial fincapé na necesidade de garantir formación suficiente ao persoal sanitario en materia de prevención, detección e intervención.

Outro ámbito absolutamente determinante e no que se incorporan medidas na lei galega é o xudicial. Aínda que boa parte das competencias na materia pertencen ao Estado español, a Xunta de Galiza ten desenvolvido medidas no ámbito das súas competencias para mellorar os espazos e para garantir a asistencia xurídica e letrada das mulleres en situación de violencia machista (artigos 28 e 29). Como mostra desta cuestión podemos sinalar o convenio asinado cos Colexios profesionais da avogacía de Galiza que ofrecen un servizo de garda 24 horas e, máis recentemente, co Consello Galego de Procuradores dos Tribunais.

Así mesmo, o *Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero* (páxinas 67-79) fixa o procedemento de actuación na área xurídica para facilitar a cooperación e coordinación entre os distintos axentes e institucións que interveñen neste ámbito.

Porén, o xudicial continúa a ser un dos ámbitos máis criticados e sinalados polos colectivos comparecentes, tanto pola lentitude da incorporación das medidas que lle afectan en termos xerais pola vixencia dunha estrutura aínda moi patriarcal como por continuar a ser un foco de revitimización constante das mulleres. Ademais, inflúe negativamente a conceptualización limitada no ámbito estatal do que é a violencia machista, pois exclúe cuestións tan importantes como a violencia sexual e isto fai que os recursos para as mulleres vítimas dunha agresión sexual non funcionen adecuadamente,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desde a non cobertura legal a través de profesionais con formación e de forma gratuíta, ao proceso de declaración e á propia recuperación. Nesta cuestión está a fallar tamén o protocolo interinstitucional da Xunta de Galiza.

Dentro das funcións que corresponden á Xunta de Galiza fican pendentes acometer actuacións concretas que garantan os dereitos das mulleres, por exemplo, en dependencias xudiciais. Galiza conta a día de hoxe, após unha década da aprobación da Lei 11/2007, con espazos que non están adaptados para impedir que as mulleres en situación de violencia machista teñan contacto, quer físico, quer visual, cos seus agresores ou mesmo lugares habilitados correctamente para as crianzas que en moitos casos están a cargo da muller.

No ámbito doutras medidas de apoio e protección fronte á violencia machista a Lei 11/2007 prevé o desenvolvemento de programas de intervención con homes (artigo 34). Con esta finalidade foi creado o programa ‘Abramos o círculo’, en colaboración co COPG, que ofrece información e atención / intervención psicolóxica personalizada a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella e coa súa familia, e desexan adquirir novos modos de comportamento exentos de agresividade. O programa é de carácter voluntario e debora ser reforzado para chegar a un número maior de persoas usuarias e desenvolver medidas específicas para a mocidade.

En relación coa poboación masculina, a lexislación vixente obriga á Xunta de Galiza a levar a cabo accións de sensibilización dirixidas aos homes que incidan na necesidade de promover unha sociedade máis igualitaria (artigo 6.4). Neste senso, non se ten desenvolvido ningunha acción concreta e específica ao longo destes máis de dez





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

anos que pule pola visibilización de referentes dunha masculinidade non patriarcal e implique e interpele directamente aos homes na necesaria transformación social e loita feminista.

Por outra banda, cómpre recordar que a discriminación estrutural e sistémica das mulleres ten levado a que o ámbito económico e do emprego sexa fundamental. Así o determinaba a lei desde o seu inicio. Porén, é constatable que na década de recesión existiu un parón a respecto das políticas de combate desta desigualdade. Un freo que non só obedeceu ao ciclo económico, senón ás decisións políticas dos gobernos do Partido Popular e das reformas laborais aplicadas no ámbito do Estado e con durísimas consecuencias do punto de vista da igualdade da muller.

Hai que recordar – e avaliar de forma negativa - que unha das primeiras decisións do goberno do Partido Popular ao chegar á Xunta de Galiza foi recortar as contías das axudas periódicas e directas que se garanten de acordo coa lei. Por outra banda, grazas á presión social e ao impulso político, foi posíbel no 2015 e no 2018 acadar dous consensos impulsados desde o nacionalismo galego para estender a solicitude a todo o ano primeiro e para aumentar as contías e engadir un novo tramo de renda despois, o que permitiu ampliar o número de posíbeis beneficiarias. Porén, isto non é en absoluto suficiente e a tendencia crecente de solicitudes demostra que a necesidade vai en aumento.

A respecto dos recursos en xeral, as persoas relatoras insisten na necesidade de reforzar as accesibilidades dos recursos non só a nivel físico (barreiras arquitectónicas),





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

senón tamén a nivel de comunicación (por exemplo, facilitar o acceso ao recurso de intérprete de linguaxe de signos), acompañamento e apoio en todo o proceso.

En relación coa rede galega de acollemento para mulleres en situación de violencia machista, na actualidade en Galiza existen tres casas de acollida na Coruña, unha en Lugo e unha en Ourense, todas elas de titularidade municipal, á que se sumou en 2019 unha vivenda tutelada (4 prazas) na comarca da Mariña dirixida a mulleres vítimas de violencia machista con enfermidades mentais. A Xunta achega a estes concellos unha contía económica para gastos de funcionamento mais casuísticas como as de Ourense e a escaseza de prazas en cidades como A Coruña, amosan as debilidades deste modelo, que debe ser superado e no que a Xunta de Galiza ten que asumir un papel director. Así mesmo, o noso país conta cun Centro de emerxencia (CEMVI), en Vigo, titularidade compartida entre o Concello e a Xunta.

As persoas comparecentes na Comisión de Igualdade reclamaron a ampliación destes recursos para cubrir as necesidades existentes, tanto das mulleres como das crianzas ao seu cargo, e paliar os desequilibrios territoriais especialmente no ámbito rural. Ao mesmo tempo, defenderon unha maior coordinación destes servizos con outros organismos xudiciais, policiais e sociais e a revisión das súas normas de funcionamento para garantir unha maior e mellor asistencia integral das usuarias.

A respecto da Rede de información, non se está a cumprir coa existencia de CIM de xeito uniforme polo territorio. Especialmente a zona Oriental do país (Lugo e Ourense) carecen destes servizos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A respecto dos Puntos de encontro familiar é un dos elementos que se ben se ten demostrado como necesario, ao tempo proliferan as queixas tanto do seu funcionamento como da escaseza ao longo do territorio así como o inadecuado de moitas das súas instalacións, ben polas condicións destes ou ben pola súa ubicación cohabitando con outros usos que van en detrimento do seu funcionamento sendo en ocasións unha fonte de conflito e de violencia que leva a formular a necesidade dun cambio de modelo cara a xestión pública e a reforma do seu regulamento.

Así mesmo, é necesario avaliar dunha maneira máis profunda o verdadeiro impacto na vida das mulleres e nos seus dereitos dos recortes levados a cabo nos últimos anos en materia de igualdade e dereitos así como das reformas realizadas do mercado laboral; o tratamento das mulleres no marco sanitario e analizar tamén impacto desde unha perspectiva de clase ten o potencial avance -por acción ou por omisión- de medidas que amporen a ofensiva do capitalismo respecto dos ventres de alugueiro e a mercantilización do corpo da muller.

Finalmente, é preciso ter en conta outras cuestións e retos de futuro. Por exemplo, a necesidade da análise e avaliación do impacto que a Lei do aborto pode ter sobre a autonomía das mulleres menores de idade e os dereitos das mesmas e da ofensiva retrógrada impulsada pola dereita española cuxa presenza nas institucións está en aumento e que está a ser normalizada por forzas políticas que até o momento afirmaban combater a violencia machista.

5. Propostas de actuación prioritarias no ámbito galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

0. Desenvolvemento: No prazo de dous meses aprobarase a planificación temporal e orzamentaria das medidas contempladas e consensuarase o mecanismo de seguimento do seu cumprimento.

1. Compromiso para o cumprimento e desenvolvemento de todos os artigos da lei e paliar os efectos negativos do seu incumprimento e da política económica aplicada na crise (e cumprimento do acordado na moción do 25 de xaneiro de 2017) establecendo, para tal efecto, a través dos mecanismos oportunos un orzamento mínimo que se sitúe no 1% do total dos Orzamentos da Xunta de Galiza.

2. Dentro das medidas máis urxentes, salienta a necesidade de garantir a atención psicolóxica na atención primaria para as vítimas de violencia machista para o que é preciso establecer un cronograma e a correspondente estimación de prazas públicas e previsión da súa creación. Así mesmo, é urxente concretar medidas para o cumprimento real do arbitrado en materia de formación integral das e dos profesionais de todos os ámbitos (sanitario, xustiza, administración, etc.) de xeito que esta formación sexa obrigatoria e teña unha calendarización que se re programe e calendarice de forma permanente.

3. Revisar os recursos e protocolos de actuación existentes para os adaptar a todas as formas de violencia recollidas na lei, particularmente corrixindo as eivas respecto da violencia sexual. Desenvolver un capítulo específico para aplicar de forma efectiva o recoñecemento como forma de violencia machista incorporado hai máis dunha década á lexislación galega.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Mellorar a política de atención ás e aos menores. A comezar por corrixir os focos de violencia que están a ser os Puntos de Encontro Familiar, redactando un novo Regulamento e procedendo a unha auditoría para corrixir as súas carencias, incluída a necesidade de ampliar esta rede e planificar a súa inserción no sistema público co obxectivo de dar unha maior cobertura a todo o territorio galego e harmonizar o modelo de intervención. Así mesmo, porase fin ao financiamento de calquera colectivo ou instrumento que fomente a normalización do inexistente “síndrome de alienación parental” polo seu carácter retrógrado e banalizador da violencia machista.

5. Introducir medidas inmediatas no ámbito do ensino, a comezar pola supresión dos concertos educativos cos centros que segregan por sexo e polo desenvolvemento dun Plan galego de educación sexual e afectividade para a súa posta en marcha en todos os niveis educativos dotado orzamentariamente e monitorizado para o seu cumprimento. Así mesmo, introducir medidas concretas orzadas e recursos de inspección para o cumprimento da lei na esfera educativa así como da incorporación de formación obrigatoria a través dunha materia nas titulacións habilitantes para profesións vinculadas ao ensino.

6. Creación dunha Unidade específica de violencia machista na Dirección Xeral de Xustiza con persoal e orzamento propio e suficiente que vele polo cumprimento real e efectivo da Lei 11/2007, unifique as actuacións e recursos no ámbito xudicial, faga seguimento da adaptación das medidas para evitar a revitimización e garanta un adecuado atendimento das vítimas (gravación da declaración, espazos separados e seguros, atención especializada, formación dos axentes, etc.) ademais de traballar na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

demanda de xulgados exclusivos nas cidades como paso necesario para a comarcalización destes de forma acorde coas necesidades do territorio.

7. Desenvolvemento da lei 8/2007, de 13 de xuño, de Policía de Galicia acompañada dun plan específico de desenvolvemento da especialidade de atención de violencia machista como corpo específico.

8. Concretar a ampliación da cobertura de axudas e crear novos mecanismos de compensacións ás vítimas así como a equiparación a vítimas de terrorismo a efectos de indemnizacións. Retirar as axudas públicas a organizacións negacionistas da existencia da violencia machista e do dereito a decidir sobre a súa maternidade por parte das mulleres.

9. Introducir respecto dos medios de comunicación o cumprimento e aplicación da Declaración de Compostela como requisito para a adxudicación de calquera subvención e impulsar sancións para as comunicacións e campañas publicitarias sexistas en sentido amplo. Eliminar o financiamento a organismos e colectivos que neguen a existencia da violencia machista ou o dereito das mulleres a decidir sobre o seu propio corpo.

10. Poñer en marcha medidas de protección dos dereitos reprodutivos das mulleres fronte á ameaza de retrocesos nesta materia cumprindo con garantías a lei e de mellora na súa atención evitando situacións de violencia nos procedementos de interrupción voluntaria, terapéutica ou euxenésica do embarazo e traballar na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ampliación do marco lexislativo contrario ao recoñecemento da práctica dos ventres ou barrigas de alugueiro.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/12/2019 10:13:46

Olalla Rodil Fernández na data 27/12/2019 10:13:58

Ana Pontón Mondelo na data 27/12/2019 10:14:10



Á Comisión Especial non Permanente para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda a través dos deputados Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, de acordo co establecido no artigo 13 das normas de funcionamento da devandita comisión formula o seguinte voto particular ao ditame da Comisión Especial non Permanente para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres.

Voto particular:

Consideracións previas:

Tendo en conta que os obxectivos da constitución da Comisión non Permanente para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres non se acadaron na súa totalidade, entendemos que é fundamental que quede recollido neste Ditame a necesidade de continuar desenvolvendo de inmediato os traballos necesarios para o cumprimento destes no seu conxunto; así como incorporar certas cuestións que non se recollían nos obxectivos iniciais, pero que son imprescindibles para loitar contra as diferentes formas de violencias machistas e a prol da igualdade efectiva.

Un dos obxectivos de esta comisión foi o de estudar a situación das mulleres galegas, así como a adopción de medidas encamiñadas á consecución da igualdade efectiva para posibilitar a remoción dos atrancos que impiden a súa participación e integración na vida social, cultural, educativa, económica e política de Galicia.

A primeira parte desenvolveuse en gran medida grazas a todas comparecencias que tiveron lugar, que describiron a situación na que nos atopamos no noso país. Pero pola duración do proceso, sería preciso incorporar algunhas achegas máis recentes, dos propios grupos parlamentares e do movemento feminista.

Coas conclusións extraídas destas, pódese comprobar a necesidade imperiosa de apostar de maneira moito máis firme que na actualidade por mellorar a situación



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

das mulleres nos diferentes eidos. Co pretexto da crise económica vivimos un retroceso en moitos dereitos xa acadados, que aínda non están repostos na súa totalidade.

Pechar esta primeira fase do ditame, por cuestións metodolóxicas e de forma é necesario, pero falta, agora, dar paso a parte máis importante dos traballos da comisión, que é a de implementar todas as recomendacións que neste texto se recollen, pero tamén ampliándoas a novas achegas que non foron sinaladas polas comparecentes, pero que deben incorporarse, establecendo un calendario específico de cumprimento, e un orzamento vinculante onde as partidas teñan fins claros acordados cos obxectivos deste ditame.

O resultado, pois, do traballo desta comisión debe contemplar non só un resumo das achegas recollidas enunciado en forma de medidas, senón que debe recoller tamén o debate político da aplicación desas medidas por parte da representación que nela existe para dar traslado á cámara recollendo estes compromisos. A comisión de estudo dunha problemática desta magnitude non pode rematar cun documento sen ningún tipo de aplicación real, non podemos sentirnos satisfeitos recollendo nun documento só recomendacións, hai que ir máis alá e actuar de maneira decidida.

Polo tanto remata unha fase de escoita necesaria para abordar, a continuación, o verdadeiro debate político para o que a sociedade galega e as persoas comparecentes foron interpeladas a través desta comisión. Toca traballar nos acordos aos que se apela na abordaxe dun asunto como este incorporando a novos axentes ao debate, como o movemento feminista.

Outro dos obxectivos da comisión que queda pendente de desenvolver é o de avaliar *“a aplicación nos distintos ámbitos competenciais da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e da Lei 11/2007, do 27 de xullo, de prevención e tratamento integral da violencia de xénero e continuará os traballos de avaliación da aplicación das ditas leis realizados na IX Lexislatura”*. É urxente abordar este de maneira máis ampla para dar cumprimento ao acordado.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

A creación desta comisión foi un paso necesario para iniciar dende o Parlamento de Galicia un camiño que non pode quedar nun ditame descritivo da realidade, senón que esixe accións e deseños de políticas públicas claras á altura dos sectores consultados e das demandas do movemento feminista, avaladas por centos de miles de persoas que toman as rúas cada 8 de marzo, cada 25 de novembro ou cada vez que se produce un asasinato machista.

É preciso sinalar que a duración deste proceso excedeu o tempo desexado, alonxándose durante demasiados anos sen concluír con axilidade na parte das propostas e medidas específicas necesarias para mudar a situación.

É necesario deseñar estas políticas co compromiso de incorporalas nos orzamentos dun xeito plenamente identificable e coa continuidade garantida a través dun pacto galego.

Pola tanto é necesario incorporar un novo apartado, de engádega, ao ditame.

5. Compromisos inmediatos de continuidade.

As administracións públicas deben escoitar todas as reivindicacións que se puxeron de manifesto no seo da comisión e que tamén leva tempo pondo en evidencia o movemento feminista. Deben dar exemplo, e aceptar a situación unanimemente, recoñecendo a existencia dun dos problemas de máxima magnitude, como son as violencias machistas, e actuando e investindo todos os recursos necesarios para solventar a situación nas dúas vertentes; a preventiva e a paliativa, algo que non está acontecendo na actualidade.

Para acadar os obxectivos que se marcaran, é imprescindible que durante a segunda parte do traballo da Comisión non Permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres se amplíe máis alá do marco actual, abrindo este debate político tamén ao movemento feminista e a sociedade no seu conxunto.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Para facelo efectivo, abrirase un prazo de recollida de achegas previo ao debate, con publicidade na páxina web do parlamento e habilitando unha vía telemática de contacto para aquelas entidades ou persoas que queiran facelo antes do procedemento ordinario de debate e negociación do Pacto Galego.

Tamén é necesario, tal e como se establecera, ampliar o estudo de impacto da lexislación, avaliando a falta de desenvolvemento e de cumprimento de moitos dos seus artigos, en concreto a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei 11/2007, do 27 de xullo, de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

Sendo conscientes de que a lexislación galega foi un avance importante, tamén o temos que ser de que non vai ser eficaz senón se realiza unha análise e seguimento do seu cumprimento real.

Sería preciso que a administración fixera un verdadeiro balance e se renderan conta dos incumprimentos reiterados que se fixeron nestes anos dende a súa aprobación, así como se establecera a revisión periódica por se fose necesario implementar modificacións que podan xurdir cos avances dos pactos tanto galego como estatal ou calquera outra circunstancia que así o requira.

Para este seguimento e avaliación da lexislación debe crearse, nun prazo máximo de dous meses dende a aprobación de este ditame, un órgano de diálogo permanente onde estean representadas as diferentes administracións, o conxunto dos grupos parlamentares, as organizacións sindicais, os colectivos feministas e outros que se consideren.

A creación, composición e a forma de traballo de este órgano, polo carácter e a importancia que ten, deberá aprobarse de maneira consensuada polo conxunto dos grupos parlamentares.

É necesario continuar, de inmediato, co traballo de implementar as accións e políticas públicas precisas para rematar con todas as formas de discriminación que padecen as mulleres.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Todas as medidas que se enuncien deben comprometer prazos concretos e firmes, non demorándose a súa aplicación máis de 12 meses despois da súa aprobación.

No caso de medidas que xa estén recollidas na actual lexislación ou en plans xa aprobados deberanse implementar inmediatamente despois da aprobación do ditame.

Ademais é imprescindible recoller no texto a planificación e os indicadores de avaliación e seguimento que levará o futuro pacto galego que deberá estar rematado na presente lexislatura.

Coa mesma concreción asinaranse os compromisos orzamentarios adicados a cada unha das medidas que se establezan. Como mínimo, o 1% do total dos Orzamentos da Xunta de Galicia serán adicados para tal fin, aplicándose xa nos vindeiros orzamentos do ano 2021.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo.

Marcos Cal Ogando.

Manuel Lago Peñas.

Deputada, deputado e voceiro do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2019 13:10:53
Nº Rexistro: 60616
Data envío: 27/12/2019 13:10:53.068

Paula Quinteiro Araújo na data 27/12/2019 13:08:43

Marcos Cal Ogando na data 27/12/2019 13:08:54

José Manuel Lago Peñas na data 27/12/2019 13:09:07

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa da Comisión non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz adxunto, e ao abeiro do disposto nas normas de funcionamento e do artigo 119 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa un voto particular ao ditame emitido o día 20 de decembro de 2019 pola Comisión non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, en relación coa avaliación da aplicación nos distintos ámbitos competenciais da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e da Lei 11/2007, do 27 de xullo, de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, consistente nunha emenda de adición ao texto do ditame.

Exposición de motivos

A Comisión non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, na súa sesión do 14 de xaneiro de 2014, adoptou unha serie de acordos de cara a establecer a súas propias normas de funcionamento, recollendo entre outros puntos o seu obxecto e a súa duración.

O Grupo Parlamentario Socialista amosouse contrario á limitación dos obxectivos desta comisión só á avaliación das leis de igualdade estatal ou galega (Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e da Lei 11/2007, do 27 de xullo, de prevención e tratamento integral da violencia de xénero) o que manifestou, no seu día, cunha emenda ás normas de funcionamento e que recollía un sentido máis amplo do obxecto dela, entendendo o fin desta como ferramenta útil para a avaliación de todas as leis e normativas que recollan medidas en defensa dos dereitos das mulleres ou de igualdade, emenda que foi rexeitada.

Así mesmo, a comisión alongouse máis alá da IX lexislatura, o que provocou a perda de vixencia da exposición e comentarios das persoas poñentes, o que implica a perda de vixencia tamén das súas conclusións.

Tendo en conta estes precedentes considérase prioritario a finalización desta primeira fase da Ponencia, apostando por non alongar máis no tempo a súa redacción, pero entendendo en todo momento, e tal como se acordou nas reunións da Ponencia, que as conclusións responden tan só aos comentarios e opinións trasladadas polas persoas poñentes, en ningún caso como proposta de medidas ou estratexias concretas dos grupos parlamentarios partícipes na



Comisión non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres.

Dado que este grupo accede a esta decisión consensuada por todos os grupos de conclusión desta primeira fase a modo de memoria expositiva das diferentes exposicións e conclusións das persoas participantes na comisión, entende preciso solicitar o compromiso explícito e de apoio por parte de todos os grupos do fin último da Comisión, como é a redacción dun documento común que recolla a proposta e as estratexias que deberá poñer en marcha o Goberno actual para impulsar e, en todo caso, emendar todas as conclusións tanto as poñentes como outros colectivos non representados.

Así mesmo, entendendo a parte fundamental do Goberno en cada momento responsable do deseño e posta en marcha das políticas autonómicas, creemos fundamental exixir coherencia e compromiso na posta en marcha das medidas, especialmente daquelas reflectidas na lei de igualdade actual e que non se teñen impulsado por desidia ou falla de vontade. Por iso, presentamos o seguinte voto particular creando unha nova aliña 9 no punto 4, que terá o seguinte contido:

Engadir unha nova aliña 9 no punto 4, co enunciado Propostas e estratexias que terá os seguintes apartados:

“4.9. Propostas e estratexias.

4.9.1. Desenvolver antes de que remate esta lexislatura, un pacto galego contra a violencia de xénero, e que contemple:

- As medidas e accións precisas para garantir e impulsar o correcto cumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Un compromiso orzamentario suficiente que permita a súa posta en marcha inmediata.
- Unha avaliación anual do grao de execución dos obxectivos propostos, que será en todo momento accesible para o coñecemento de toda a cidadanía.
- Convidar, unha vez coñecido o contido da Ponencia emitida pola Comisión non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, aos diferentes colectivos sociais ou particulares, a realizar as



súas achegas ao Pacto, co fin último de atender as opinións de toda a cidadanía, así como actualizar as opinións ou conclusións recollidas na Ponencia e que quedasen obsoletas no tempo.

4.9.2. Exixir ao Goberno o seu compromiso máximo e real coa Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e a posta en marcha de modo inmediato daquelas accións xa contempladas na lei actual, especialmente daquelas que non precisan de dotación orzamentaria extraordinaria por contar con medios propios para o seu desenvolvemento.


4.9.3 Unha vez finalizado e completado o plan de traballo actual da Comisión non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, proceder a establecer un novo plan de traballo que contemple a avaliación do resto de leis ou accións que en relación coa igualdade ou dereitos das mulleres, podan levar a cabo as administracións públicas en Galicia.

Pazo do Parlamento, 27 de decembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/12/2019 13:55:55





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

